É por isto que para o Bloque Nacionalista Galego resulta moi insuficiente que no Programa B, destinado a subvencionar a mellora das coleccións bibliográficas, se contemple no artigo 34 que “ Un 25 %, como mínimo, da subvención concedida destinarase á adquisición de fondo bibliográfico editado en lingua galega”.

Un criterio de infravaloración da presenza do galego a través da creación literaria e da consecuente oferta pública desde as bibliotecas públicas do noso país que, para o Bloque Nacionalista Galego, redunda máis unha vez nunha práctica discriminadora para a nosa lingua propia que veu sendo habitual por parte do goberno galego do PP na última década.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a acrecentar a cantidade mínima de compra de libros en galego ao 50% do total co fin de cumprir un criterio de equidade no investimento público que garanta a presenza dun maior espazo para a literatura galega”.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 26/08/2020 09:37:07**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/08/2020 09:37:19**

**Daniel Castro García na data 26/08/2020 09:37:27**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A débeda pública galega incrementouse fortemente nos últimos anos, tendo na actualidade un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza, un peso que non se corresponde coa escasa información existente sobre a mesma.

O último dato dispoñíbel, do primeiro trimestre de 2020, sitúa a débeda pública de Galiza en 11.687 millóns de euros. Isto supón un récord se comparamos coas cifras anuais anteriores, e a segunda cifra máis alta se comparamos co máximo histórico trimestral acadado cos 11.750 millóns de euros rexistrados en marzo de 2018).

Ollando a evolución da débeda ao longo dos últimos anos constátase que dende que goberna Feijóo a débeda incrementou en 7.764 millóns de euros, isto é, case un 200%. Os gobernos de Feijóo xeraron a maior parte da débeda galega, triplicándoa. Así mesmo, amosa dúbidas sobre os procedementos de axuste de débeda que afirmaba o goberno galego no período 2018-2020 coa saída aos mercados.

Esta evolución consolidouse co paso dos anos malia que o PIB medra en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros. Polo tanto, podemos afirmar que no posterior contexto de crecemento macroeconómico, a débeda galega medrou en 1.726 millóns de euros. Con estes antecedentes, a emerxencia da crise do





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

coronavirus, que fai prever estimacións de importantes caídas do PIB, fan intuír un posíbel aumento do endebedamento. Esta é unha cuestión que, a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, require de atención, dun debate amplo e da máxima transparencia.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

-Elaborar un Informe que contemple toda a información relativa á débeda de Galiza: con que entidades está contraída, cales son os cadros de amortización, xuros pagados, etc e trasladar ao Parlamento Galego para o seu debate unha previsión para a evolución do endebedamento.

-Crear unha comisión formada por expertos de diferentes ámbitos sociais e económicos coa finalidade de que leve a cabo unha auditoría da débeda pública galega e identifique aquela débeda que poida ser cualificada de ‘ilexítima’.”

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2020 09:57:16**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2020 09:57:28**

**Daniel Pérez López na data 26/08/2020 09:57:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, e dos deputados **Xosé Luis Rivas Cruz e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde os anos 60 do pasado século XX, a liña de autobús que une Mesía e Vila de Cruces coa Coruña, coñecida popularmente como “O Mesía”, vertebrou a vida diaria de diferentes parroquias e lugares dalgúns dos concellos da comarca das Mariñas e da Coruña.

Malia seguir a ser esta na actualidade un importante nexos de unión da veciñanza destas comarcas coa cidade da Coruña, e garantía de mobilidade sostíbel no interior, no Bloque Nacionalista Galego vimos de confirmar a cancelación desta liña de autobuses e, polo tanto, a anulación dun servizo de comunicación en transporte colectivo por estrada fundamental que afecta negativamente a un amplo territorio que comprende concellos como: Vila de Cruces, Arzúa, Boimorto e Mesía.

A respecto da comarca das Mariñas e da Coruña, falamos de concellos como Carral (no lugar das Travesas quedan sen ningún tipo de comunicación coa cidade herculina) e todo o sur do concello de Abegondo (seriamente afectadas parroquias como Vizoño, Montouto, Figueiroa e Sarandós) sen posibilidade de desprazarse en transporte público á Coruña, Cambre e Culleredo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asemade, a afectación no concello de Carral e de Abegondo transcende o tránsito das usuarias locais habituais, pois nesta parte do percorrido están as localidades das Travesas (concello de Carral) e San Bartolomeu (no concello de Abegondo) por onde transcorre o Camiño inglés, ao igual que acontece na parroquia de Sarandós (Abegondo), o que reduce as facilidades de desllocamento para a conexión coa cidade da Coruña, tamén desde a perspectiva do servizo turístico e cultural.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo parlamentario do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta o Goberno galego a que tome as medidas necesarias que eviten a supresión anunciada da liña de autobús coñecida popularmente coma “O Mesía” asegurando a súa continuidade para fortalecer uns medios de comunicación públicos e colectivos que cubran a demanda social e ambiental que o noso país precisa, nomeadamente para a sostibilidade da vida no medio rural.”

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Carreira Pazos**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2020 12:50:35**

**Iria Carreira Pazos na data 26/08/2020 12:50:38**

**Paulo Ríos Santomé na data 26/08/2020 12:50:48**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/08/2020 12:50:54**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2020 12:51:07**

**Mercedes Queixas Zas na data 26/08/2020 12:51:16**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noa Díaz Varela e do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O sector cultural galego achega ao noso PIB en torno ao 2,5 %, dando na actualidade emprego a preto de 35.000 persoas e presentando nos últimos anos índices de crecemento verdadeiramente óptimos. Mais a crise xerada pola evolución epidemiolóxica da Covid-19 truncou este escenario optimista, afectando de maneira moi especial a toda esta industria e sumíndoa nunha parálise case total.

Profesionais de todos os ámbitos da cultura trasladaron en todo este tempo a súa inquedanza diante dun futuro incerto que pode supor a desaparición de moitas empresas do sector e unha perda significativa de postos de traballo.

Diante desta situación, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba o pasado 30 de abril o *Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da Covid-19* da Consellaría de Cultura e Turismo. Cun investimento de 27 millóns de euros, o plan presenta preto de 50 medidas destinadas a, di textualmente, “fomentar o emprego, xerar liquidez e reactivar o consumo” cun horizonte de execución en decembro do presente ano 2020. Do investimento total, o dedicado especificamente ao sector cultural son 10.170.870 euros (para o Xacobeo inviste 5.645.000 e en turismo o restante).

O Plan recolle un estudo económico, aínda en elaboración, de especialistas da USC que estima, nun escenario optimista, un impacto negativo da crise da Covid-19 no sector da cultura de entre os 100 e 120 millóns de euros e unha perda de entre 2.000 e 2.500 empregos e, nun escenario pesimista -en relación á dinámica do nivel de cancelacións, do fluxo de gasto público e da diminución do consumo final de produtos e servizos culturais-, un desemprego que chegue ata os 11.000 profesionais.

Diante deses números, que sen dúbida apuntan á necesidade de medidas contundentes de apoio, agardábase un plan que contemplase medidas concretas e anovadoras, que de verdade supuxesen un balón de osíxeno para un sector que foi dos máis prexudicados pola crise xerada pola pandemia. Non obstante, o plan presentado mostrouse a todas luces insuficiente xa que en realidade non é máis que un intento de reprogramación ou reformulación do xa existente á vez que pivota en modo importante arredor do Xacobeo 2021.

Por outra banda, afirmouse que o plan fora consensuado co sector e nada máis lonxe da realidade. Nos seguintes días á súa presentación pública todo o tecido cultural galego saíu en tromba a criticar este plan, que tachaban de “baleiro de contido e inconcreto”.



Artistas e xestores culturais, profesionais da ilustración, actores e actrices, xentes do mundo da danza, do cinema, da música tradicional, das artes escénicas, do sector audiovisual, dos festivais, de asociación e cooperativas culturais... Todos e todas criticaban ao unísono un plan que carece dunha estratexia a medio e longo prazo que asegure a pervivencia de todos os empregos e de todas as iniciativas que no noso país se teñen posto en marcha e que aproveite ademais esta crise para un cambio de paradigma no modelo de apoio das políticas públicas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar, antes de que remate o ano, un plan plurianual de reactivación do sector cultural adaptado ás novas circunstancias e escenarios que obriga a Covid-19 e consensuado con todo o sector.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 26/08/2020 11:31:47**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/08/2020 11:32:03**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/08/2020 11:32:25**





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

O estado de alarma decretado polo Goberno o pasado mes de marzo para frear a crise da COVID-19, parou a actividade xudicial durante dous meses, o que prexudicou notablemente o funcionamento da Administración de Xustiza ao supoñer un incremento notable da carga de traballo para o persoal.

A isto súmase o prexuízo económico causado aos profesionais do sector, avogados/as e procuradores/as e a minoración das garantías xurídicas ás persoas usuarias.

Para facer fronte a isto, a comezos do mes de abril, a Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial elaborou un documento base sobre medidas organizativas e procesuais para o plan de choque que evitase o colapso da Administración de Xustiza ao rematar o estado de alarma. Asemade o Goberno de España activou un plan de axilización da actividade xudicial, previsto na disposición adicional 19ª de Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo.

Nada fixo ao respecto o Goberno galego, tendo en conta que a situación da xustiza galega, que aínda vén arrastrando a folga do persoal da Administración ao comezo da pasada lexislatura.

Esta falta de previsión e de planificación pode ter consecuencias nefastas se temos que tomar novamente medidas restritivas por mor dunha segunda ola da pandemia, situación bastante probable, tendo en conta os últimos datos sanitarios sobre a evolución dos contaxios na nosa comunidade.



Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan de medidas eficaces para adaptar a Administración de Xustiza á situación de Pandemia que vivimos.
2. Garantir o funcionamento da Administración de Xustiza no caso de que volvan a tomarse medidas restritivas derivadas do incremento do número de casos da COVID-19 en Galicia.
3. Instaurar a Administración de Xustiza 3.0 de Galicia.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 10:18:11**

**Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 10:18:20**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 10:18:35**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

A Lei 3/11, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito de protección á familia, á infancia, e á adolescencia, establece no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posibles, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, constituirán servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar.

A Lei 11/07, do 27 de xullo, lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi a que garantiu a existencia dos puntos de encontro, creados para dar un servizo que facilite e reserve a relación entre as/os menores e as persoas da súa familia, cando exista unha situación de crise, permitindo e garantindo a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En Galicia os puntos de encontro unicamente localízanse nas 7 principais cidades, o que supón un servizo totalmente ineficaz, tendo en conta o gran volume de persoas usuarias. Isto provoca a existencia de listas de agarda que demorarán moito no tempo e que impiden o cumprimento de resolucións xudiciais, xerando unha perda de dereitos para as persoas.

Asemade o agravio económico para algunhas familias, en moitos casos con



dificultades económicas, ao ter que desprazarse as veces máis de 100 quilómetros para poder usar este servizo.

Ao que se suma que en moitos casos, os locais para levar a cabo estas visitas, non cumpren, nin de lonxe, as condicións mínimas para os/as usuarios, como é o caso do Punto de Encontro de Pontevedra, o cal está sito na Avenida de Vigo, na parte traseira da Delegación Provincial de Sanidade.

Este local, coma xa denunciámos en moitas ocasións, está situado nun lugar recóndito, co perigo que isto supón para as mulleres vítimas de violencia; non cumpre as condicións de accesibilidade; é moi pequeno tendo en conta que por aí pasan unha media de 200 familias cada fin de semana. O que leva ás familias a ter que compartir espazos.

Esta situación non desexable, empeora por mor da pandemia, xa que, en primeiro lugar, se pechan durante 4 meses estes centros, deixando a esas familias sen poder verse ou relacionarse, posteriormente a Xunta de Galicia reenvía un protocolo no que, non establece máis medidas que as xenéricas de desinfección, espaciamento das visitas e distanciamento social, o que cremos que é unha medida claramente insuficiente.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan de medidas eficaces para adaptar os puntos de encontro familiares á situación de pandemia que vivimos, sen que supoña un aumento das listas de agarda.
2. Crear novos puntos de encontro familiares en todas as provincias, mellorando as listas de agarda, evitando así os traslados das familias e garantindo un menor número de persoas usuarias por cada centro o que é recomendable na situación de pandemia que vivimos.
3. Cambiar de situación o Punto de Encontro Familiar de Pontevedra, por non reunir o actual as condicións mínimas requiridas.



4. Implantar un Punto de Encontro Familiar na comarca do Morrazo.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 10:19:06**

**Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 10:19:15**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 10:19:27**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

### Exposición de motivos

A vespa velutina chega a Galicia no ano 2011, colonizando, en só 7 anos, toda a nosa comunidade. Isto fai que este animal pase de ser un insecto descoñecido a xerar unha resposta social de medo ou alarma, polo seu tamaño, e a intensidade das súas picaduras, que causaron incluso varias mortes.

Pero o máis afectado pola súa presenza, e o sector produtor de mel, xa que as velutinas son unha especie que capta as abellas e causa graves danos ás colmeas o que supón grandes perdas económicas, os apicultores estiman que este ano, a súa produción de mel estivo afectada entre o 40 e o 50 %. A isto súmase o perigo que supón un desequilibrio no noso ecosistema, a consecuencia da desaparición da abella común.

As asociacións galegas de apicultores, denuncian descoordinación e a falta de medidas da Xunta de Galicia, no que eles consideran unha praga. Reclaman coordinación na actuación da Xunta de Galicia, xa que son varias as áreas de goberno implicadas, e esixen que se unifiquen as competencias nun único departamento. Ademais de denunciar unha campaña que consideran deficiente.

A principios deste ano, a Xunta de Galicia en coordinación coa Fegampo, iniciou un plan contra a velutina, baseado na concentración de recursos para eliminar os niños desta especie na comunidade, en todas as zonas afectadas, ao que se uniron voluntariamente 285 municipios, o que representa o 90 % dos municipios galegos.

No mes de febreiro, o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anuncia o inicio do plan e manifesta que está dotado con 2,3 millóns de euros, a través de fondos propios da Administración autonómica e do Fondo de cooperación local.





A empresa semipública Seaga é a encargada de xestionar este Plan que formula dende o seu inicio máis sombras que luces.

O funcionamento do plan, segundo o que manifestan dende a Xunta de Galicia, lévase a cabo da seguinte forma: cando unha persoa detecta un niño de velutina ten que dar aviso ao 012, o teléfono de información e atención ao cidadán que son os que aplican o protocolo, que establece que salvo en caso de emerxencia (derivan ao 112 e este a súa vez a bombeiros ou apicultores voluntarios) se deriva a Seaga para que proceda a súa retirada.

O problema son as limitacións, por ser consideradas emerxencias, que establece o protocolo na intervención de Seaga, xa que segundo consta no mesmo, non se van a retirar niños a máis de 25 metros de altura, como tampouco en propiedade privada sen autorización; en sitios confinados sen visualización directa como cheminea, falsos teitos ou tellados; o en espazos pechados (cámaras de illamento o caixas de persianas), así coma aqueles con risco eléctrico (liñas eléctricas) ou situados en dominio de infraestruturas (estradas, autovías, autopistas, liñas ferroviarias, portos e aeroportos). Dentro da relación de actuacións que non proceden tamén está a retirada de niños con imposibilidade física de acceso (peche de parcela, maleza) ou con risco de dano medioambiental (ríos, embalses e outras masas de auga), ademais de aqueles que están en instalacións de uso público (parques, igrexas, hospitais, colexios e outros edificios públicos). O plan tampouco non inclúe a cesión de trampeos aos prexudicados.

Polo tanto, na maioría das veces, son os bombeiros e os apicultores voluntarios os que se encargan da retirada dos niños de velutina, asumindo o coste os concellos, carecendo este protocolo de efectividade práctica algunha.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha modificación do protocolo, con fin de que sexa Seaga, o organismo que se encargue na súa totalidade da retirada dos niños nos concellos adheridos.
2. Consensuar esa modificación, así como outras medidas a adoptar coa Asociación Galega de Apicultores.



3. Declarar a situación de praga e tomar medidas ao respecto.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Martín Seco García  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 10:19:49**

**Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 10:19:57**

**Martín Seco García na data 27/08/2020 11:13:40**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)







**Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 11:13:54**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera, Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, ten publicado mediante Resolución do 15 de xuño de 2020 (DOG 19 de xuño de 2020), o Protocolo Fisicovid- Dxtgalego, polo que se establecen diversas medidas de índole hixiénico – sanitarias para facer fronte a crise provocada pola COVID-19, no ámbito do deporte federado de Galicia, protocolo que pretende fixar uns principios básicos e orientadores dos protocolos que deben aprobarse respectivamente polo conxunto das federacións deportivas en Galicia.

En calquera caso, o devandito protocolo, non prevé a regulación de ningún tipo medidas de cara o inicio da competición federada no que atinxe o deporte de contacto, é especificamente no relativo os deportes que se desenvolven a través de equipos federados.

De acordo co Plan Estatístico Nacional de maio de 2020 elaborado polo Consejo Superior de Deportes (CSD), no ano 2019 existían en Galicia 282.369 licencias deportivas e 5.767 clubs deportivos. Só no ámbito do fútbol existen en Galicia 2.332 clubs, o cal dá a importancia e dimensión que o deporte ten na realidade social galega.

A Lei 3/2012 de 2 de abril, do deporte de Galicia, prevé no seu articulado, dentro do ámbito das súas competencias, que lle corresponde a Administración Autonómica a “planificación e organización do sistema deportivo de Galicia“, lei que vén a desenvolver as competencias que no ámbito do deporte ten asumidas Galicia dentro do seu Estatuto de Autonomía.

A pesares das competencias autonómicas, da existencia de lexislación específica no eido do deporte e tamén no eido das emerxencias (Lei 5/2007, do 7 de maio de Emerxencias de Galicia), a Xunta de Galicia, ten amosado ate o momento a incapacidade para articular os protocolos necesarios para garantir o desenvolvemento



da practica deportiva non profesional en Galicia de cara a tempada 2020-2021, incapacidade que impide as federacións e especialmente os clubs deportivos coñecer as datas de inicio de competición e, en consecuencia, planificar axeitadamente a pre-tempada e a tempada deportiva, coas consecuencias que no eido económico e social conleva a falla de concreción efectiva das datas de inicio das competicións.

Pola contra, a Xunta de Galicia, nomeadamente a actual Secretaría Xeral para o Deporte, despois de 6 meses dende o inicio da pandemia, lonxe de asumir as responsabilidades que lle corresponden no ámbito autonómico, tense instalado nunha estratexia de confrontación co Consejo Superior de Deportes, buscando no Goberno do estado un chivo expiatorio da súa propia inoperancia e incapacidade política e administrativa.

Dende logo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia non ten intención de replicar o modus operandi do Goberno galego respecto do Goberno do Estado, con estratexias de oposición de curto alcance, nun tema tan relevante como é a xestión dunha situación excepcional e complexa provocada pola pandemia da COVID-19.

En calquera caso, o deporte federado en Galicia, os deportistas e, nomeadamente os clubs, si teñen dereito a coñecer a folla de ruta que manexa a Xunta de Galicia respecto do inicio das competicións, as datas previsibles, os protocolos a seguir e as liñas de axuda que permitan os clubs afrontar os gastos extraordinarios derivados desta situación. Tórnase preciso definir, de xeito inmediato, por parte da Xunta de Galicia que vai a suceder coas competicións federadas non profesionais de cara a esta tempada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar e publicar, coa máxima celeridade, un protocolo de actuacións de cara aínda previsible inicio das competicións deportivas federadas non profesionais en Galicia, nomeadamente no que atinxe a deportes de equipo.



2. Aprobar unha liña específica de subvencións, mediante un sistema de concorrencia non competitiva, dirixida a clubs deportivos non profesionais, para facer fronte as esixencias sanitarias derivadas da COVID -19.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera  
Julio Torrado Quintela  
Pablo Arangüena Fernández  
Paloma Castro Rey  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/08/2020 12:20:48**

**Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 12:20:59**

**Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 12:21:08**

**Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 12:21:21**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 12:21:37**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

Nas recentes semanas os rebotes de contaxios, e as súas consecuencias en falecementos, son un grave problema na maneira en que Galicia está encarando a situación. O aumento exponencial de casos, sumado á aparente inactividade do Goberno autonómico que amosa estar sobrepasado pola situación, deixando en evidencia calquera estratexia que sexa que se está intentando levar a cabo.

Unha das figuras máis relevantes na loita contra os rebotes neste escenario, unha vez superado o impacto inicial da COVID, no que o obxectivo principal era confrontar as consecuencias directas, son os rastrexadores. A prevención ante o posible espallamento do virus por parte de contaxiados e os seus contactos é unha ferramenta chave para evitar entrar de novo en situacións límite.

A pesares de todo o anterior, a Xunta de Galicia non é quen de dar un dato fiable e argumentado sobre o número de rastrexadores existentes en Galicia. Distintas novas apuntaron inicialmente ao exíguo número de 20, mais o propio presidente da Xunta de Galicia falou de máis de 6.000 nunha das escasísimas comparecencias de prensa dende mediados de xullo. Este dato non puido ser explicado en detalle por ningún membro de ningún nivel da Xunta de Galicia, apelando a que a se pode interpretar que todos os médicos de atención primaria do sistema poden ser interpretados como rastrexadores. A maiores desta peregrina argumentación, en recentes datas o Goberno autonómico esfórzase en amosar o traballo dalgúns outros profesionais (como os de enfermería) en labores relacionadas co rastrexo, pero sen aclarar se esas funcións son parte da súa tarefa recoñecida ou cargas a maiores da labor que xa deben facer. Tampouco se ten aclarado se existiu contratación expresa para esta función, cales foron os criterios ou, incluso, que condicións laborais existen para este persoal.

Tamén nestas recentes datas, algúns medios de comunicación fixéronse eco de noticias sobre a posible contratación de rastrexadores por parte da Xunta de



Galicia a través de empresas privadas, sen que existan explicacións convincentes e certeiras por parte do Goberno autonómico.

Esta cerimonia da confusión non contribúe a xerar confianza nun sistema sanitario no que os profesionais están a facer unha enorme labor, pero que podería estar optimizada se a dirección do sistema funcionara de maneira transparente, clara e con criterios de eficacia.

Por todo o expostos anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer público un informe que aclare número de rastrexadores existentes en Galicia, a súa distribución por área sanitaria, o sistema de contratación cos seus criterios, as condicións laborais nas que están a desenvolver o seu traballo e a previsión de aumento o diminución da contratación deste persoal en función das previsións que o Goberno de Galicia dispoña sobre a posible evolución da pandemia.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 12:44:54**

**Marina Ortega Otero na data 27/08/2020 12:45:03**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 12:45:16**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O mércores 19 de agosto o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde aprobou un acordo para que as comunidades autónomas puidesen incorporarse ao sistema tecnolóxico de rastrexo a través da APP desenvolvida polo Ministerio de Sanidade, Radar Covid. Foi notificado que algunhas comunidades autónomas realizaron axilmente o traballo e xa estaban operativas, mentres que outras estarían por facelo en breve tempo. Algunhas demorarían máis, tomando como referencia finais do mes de setembro pero sen poder aclarar máis, para non introducir elementos de tensión da coordinación do Ministerio coas comunidades autónomas.

Galicia non explicou, nin antes nin despois, a súa posición respecto da incorporación a esta ferramenta tecnolóxica. Algunhas informacións de medios de comunicación apuntaron recentemente a que a Xunta de Galicia non estaba desenvolvendo o traballo necesario para coordinarse coas demais comunidades autónomas e incorporarse a esta rede estatal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que desenvolva as tarefas necesarias para que galegos e galegas poidan estar incorporados e con plenitude de funcións ao sistema tecnolóxico de rastrexo de toda España a través da aplicación Radar Covid.

Pazo do Parlamento, 27 de agosto do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia







**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 13:06:19**

**Marina Ortega Otero na data 27/08/2020 13:06:28**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 13:06:38**





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

Os gobernos autonómicos e estatal en España, así como os de outros países, están a desenvolver unha intensa tarefa ante a propagación da COVID, os rebrotos e o equilibrio difícil coa necesaria actividade social e económica precisa. Entre estas medidas, recentemente o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde acordou medidas para a limitación horaria do ocio, tratando de evitar o espallamento do virus, ao limitar espazos e situacións de acumulación de persoas.

Como toda medida, a aplicación en cada Comunidade Autónoma necesita da precisión e concreción que cada goberno autonómico de a partir das directrices e indicacións xerais para o estado. Así, é preciso regular segundo tipo de licencias, actividades, etc.

A pesares da situación, existen aínda espazos de ocio con salvedades difícilmente comprensibles. Os centros de xogo, cuxa tendencia debería ser a verse limitados (xa non soamente pola afectación pola pandemia senón pola súa propia afectación sobre a saúde dos usuarios), seguen sendo lugares que salvan a normativa. En Galicia seguen a abrir bingos, casinos e salas de apostas con maior flexibilidade do que o poden facer outro tipo de local de ocio, o que ademais de ser unha evidente competencia desleal provoca un dobre problema a maiores: por un lado acumula as aglomeracións en espazos máis reducidos, pois os clientes se concentran en locais que si dan servizos homologables a bar ou cafetería, en horarios e actividades que outros non poden; por outro lado, este transvase de clientela provoca maior proximidade e facilita condutas de xogo, o que aumenta o problema e exposición ao inicio de condutas aditivas.

A pesares deste problema provocado en Galicia non se coñecen medidas que a Xunta de Galicia, responsable última das licencias para casas de apostas e xogo presenciais, estea a tomar para resolver este problema. A Lei do xogo autonómica foi prometida polo Goberno da Xunta de Galicia na lexislatura pasada pero nunca



chegou á tramitación parlamentaria e isto favoreceu a lasitude con que este tipo de negocios salvan a lexislación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver a normativa necesaria para limitar o horario de actividade das salas de xogo e apostas presenciais, tomando como referencia máxima a limitación existente para ocio nocturno e, de ser posible, aumentar as restricións.

Pazo do Parlamento, 27 de agosto do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 13:28:26**

**Marina Ortega Otero na data 27/08/2020 13:28:37**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 13:28:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Pérez López, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia por COVID-19 comezou a se estender en Galiza no primeiro trimestre deste ano e, malia semellar prudencialmente controlada, confirmamos a súa presenza entre nós con importantes riscos para a saúde pública e colectiva nun preocupante incremento de gromos a medida que foi avanzando o verán.

A moi poucos días de se producir o retorno aos centros educativos, o número de contaxios no noso país non deixa de medrar, recoñecendo o goberno galego nas últimas semanas a transmisión comunitaria do coronavirus e, polo tanto, a ausencia de control da pandemia.

As recomendacións sanitarias de organismos como a OMS determinan que, para minimizar os contaxios e a expansión descontrolada desta pandemia, é imprescindible gardar a distancia social e evitar encontros presenciais numerosos en recintos pechados durante un tempo prolongado.

No ámbito educativo, en Galiza as escolas unitarias ubicadas no medio rural ofrecen unha vantaxosa alternativa educativa de proximidade e atención educativa de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

alta calidade. Nesta altura, esta vese reforzada aínda por constituíren unha contorna sanitaria protectora para as nosas crianzas na etapa infantil, extensiva, nalgúns casos, aos dous primeiros cursos da educación primaria.

No entanto, o goberno galego, entre preocupantes gromos da pandemia por corononavirus, con sempre imprevisíbeis consecuencias nas semanas e meses vindeiros, que obrigarían a asegurar un maior investimento que blinde a atención sanitaria e educativa, no DOG do 12 de agosto de 2020 confirma o peche da escola infantil de Cumiáns (A Laracha), alegando a necesidade de **“adaptar a organización dos centros docentes ás necesidades efectivas da poboación escolar”**.

As cinco crianzas matriculadas neste centro, no canto das seis que a Consellería determina como os mínimos para o seu mantemento, son derivadas ao CEIP Otero Pedrayo (A Laracha), un colexio masificado e con importantes deficiencias no seu mantemento, o que contravén as normas básicas de prevención dos contaxios por coronavirus e a súa expansión social.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta o Goberno galego a tomar en consideración o tempo excepcional que estamos a vivir do punto de vista sanitario para revertir esta decisión de peche da escola infantil de Cumiáns, mantendo aberta esta escola durante este curso, de maneira que as cinco crianzas matriculadas poidan recibir un ensino de calidade con garantías sanitarias e non sexan derivadas a un colexio masificado.”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

**Daniel Castro García**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/08/2020 13:22:22**

**Mercedes Queixas Zas na data 27/08/2020 13:22:31**

**Daniel Pérez López na data 27/08/2020 13:22:42**

**Daniel Castro García na data 27/08/2020 13:22:53**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

En relación co peche do exercicio económico 2020, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Elaborar, no prazo dun mes, un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas durante o exercicio 2020. Este documento debe ser colgado na web da Xunta de Galicia e entregado aos grupos parlamentarios para o seu coñecemento e debate.

2º) Elaborar, no primeiro trimestre de 2020, un documento que permita ter unha visualización das transferencias totais recibidas por cada unha das entidades locais galegas na X Lexislatura. Este documento debe ser colgado na web da Xunta de Galicia e entregado aos grupos parlamentarios para o seu coñecemento e debate.

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/08/2020 11:52:16**

**Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 13:51:26**

**Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 13:52:06**





**Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 13:52:27**

CSV: BOPGDSPGGZ3fh6ZTw7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado Del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernandez-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión; 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

## Exposición de motivos:

Galicia xa ten en marcha todas as pezas do Expediente Xudicial Electrónico, grazas ás medidas que veñen desenvolvendo desde 2009 no proceso de dixitalización da Xustiza.

Inicialmente, púxose en marcha o I Plan Senda para o reforzo de infraestruturas, renovación de equipamento e implantación de sistemas de información para os diferentes colectivos do ámbito xudicial. Agora está a desenvolverse o II Plan Senda para consolidar a dixitalización do ámbito xudicial.

Grazas a este esforzo innovador e orzamentario conseguíuse, entre outros avances: a implantación do servizo de videoconferencia na totalidade dos partidos xudiciais, a posta en marcha da sede xudicial electrónica para a presentación de procedementos monitorios en calquera partido xudicial, a consolidación do sistema de comunicacións telemáticas como ferramenta de comunicación na totalidade dos órganos xudiciais, a implantación do visor do expediente xudicial electrónico, a activación da sinatura dixital e a súa integración no sistema de xestión procesual.

Así mesmo, a case totalidade das salas de vistas en Galicia dispoñen de sistema de gravación de vistas con sinatura dixital (eFidelius), acorde coa Lei e que permite incorporar estas gravacións ao expediente xudicial electrónico.

Avanzando un paso máis neste eido, a Xunta de Galicia está a poñer en marcha un novo modelo máis avanzado de salas de vistas, que poden funcionar xa de maneira integramente dixital, no contexto xeral de modernizar a Administración de Xustiza e avanzar cara o *expediente xudicial electrónico* que está a acometer a Xunta de Galicia.





Estas salas están dotadas de equipos de alta calidade, que permiten a gravación do xuízo consonte os requirimentos das leis procesuais, a visualización de documentos en formato dixital contidos no expediente, que se proxectan para os intervenientes a través da pantalla da sala e contan con videoconferencia integrada, que se proxecta sobre a pantalla da sala e se grava xunto cos restantes rexistros de son e vídeo.

Pola súa banda, o Real decreto-lei 16/2020, actualmente no Senado en tramitación como proxecto de lei, e mais o anteproxecto de medidas anunciado polo Goberno da Nación, introduce entre outras, unha serie de medidas tecnolóxicas de intermediación dixital na Administración de Xustiza, como é a posibilidade de habilitar salas virtuais para a celebración de vistas e actos procesuais de forma telemática.

A tal fin, a Amtega incorporou tamén nos órganos xudiciais galegos un novo modelo de plataforma composto por equipo informático, webcam e software de videoconferencia que permiten o establecemento de conexión por videoconferencia así como a gravación.

Cómpre continuar na implantación do modelo de sala de vistas dixital, que permitirá ofrecer unha solución funcional integral acorde cos requirimentos do expediente xudicial electrónico para acadar o papel cero na Administración de xustiza, así como continuar incorporando o equipamento dixital nas salas de vistas para a celebración de xuízos, comparecencias, declaracións, vistas, conciliacións, etc., mediante presenza telemática.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dotación de equipamento dixital nas salas de vistas e a implantación do modelo de salas de vistas dixitais de forma gradual, dotadas de compoñentes que aseguran a correcta visualización do expediente xudicial electrónico durante a celebración do xuízo nos órganos xudiciais de Galicia, no contexto xeral de modernizar a Xustiza e avanzar cara o expediente xudicial electrónico e papel cero da Administración de xustiza”.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 27/08/2020 14:02:55**

**Paula Prado del Río na data 27/08/2020 14:03:09**

**José Manuel Rey Varela na data 27/08/2020 14:03:23**

**María Sol Díaz Mouteira na data 27/08/2020 14:03:37**

**Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 27/08/2020 14:03:46**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**José Alberto Pazos Couñago na data 27/08/2020 14:04:23**

**Álvaro Pérez López na data 27/08/2020 14:04:39**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 27/08/2020 14:04:51**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Publique, no prazo máximo de tres meses, a totalidade dos convenios asinados pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con determinados concellos galegos na X lexislatura con indicación do nome do concello e a contía total recibida por cada un a través destes convenios.



2º) Publique, no prazo máximo de tres meses, os criterios empregados pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o establecemento de convenios con determinados concellos galegos durante a X lexislatura.

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/08/2020 13:45:32**

**Paloma Castro Rey na data 26/08/2020 13:45:52**

**Pablo Arangüena Fernández na data 26/08/2020 13:46:02**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 26/08/2020 13:46:20**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

### Exposición de motivos

A vixente crise sanitaria provocada pola COVID-19, anexou de xeito indefectible unha crise económica de efectos e consecuencias sen precedentes no período de entre-guerras. Na actual crise, a acción pública, masiva e precisa se torna absolutamente fundamental, sen que hoxe sexa discutible, nin tan sequera polos conservadores máis recalcitrantes, o papel decisivo que deben abandeirar os poderes públicos coa inxección inxente de fondos e recursos na economía real.

Nunha situación coma a que estamos a vivir, sen intervención pública os mercados no poderían reaccionar, nin os mercados reais, nin os mercados financeiros.

A crise económica xerada pola COVID-19 é brutal, tanto de oferta, coa caída da produción, como especialmente de demanda, cunha diminución da renda dispoñible a curto e medio prazo moi severa a consecuencia do peche de negocios, caída de vendas, perda de empregos, ERTES e demais.

Asemade, a crise tamén afecta os circuítos financeiros, esenciais para manter a liquidez das empresas e negocios.

É verdade que diante dunha crise sanitaria (incerta no tempo) a solucións a crise económica son igualmente complexas. Ninguén ten un manual para actuar diante deste tipo de situacións sen precedentes.

Con todo, debemos salientar o papel xogado pola UE, como unha unidade de solidariedade e apoio mutuo, activando recursos e instrumentos xa existentes, ou creando outros ex novo como o SURE ou CRII, flexibilizando o Pacto de estabilidade e crecemento, ou mesmamente mudando o orzamento europeo para facer fronte a crise.



A crise xerou determinadas certezas, tamén en Galicia: caída da actividade económica e do emprego (caída do PIB en Galicia entre 8,5 % e 12,7 % , segundo o Foro Económico de Galicia, que pode chegar o 18,9 % en caso dun segundo confinamento), e a afectación intensa en Galicia de sectores coma o turismo, comercio, hostalería, ocio e a industria ligada ao sector cultural especialmente, cunha menor intensidade na industria, e mantendo o sector agro-alimentario un nivel mínimo de efectación.

Diante desta situación, para o conxunto do estado, o Goberno presidido por Pedro Sánchez comprometeu a mobilización de 200 mil millóns de euros (20 % do PIB), dos que o 58,5 % serán achegados directamente polo sector público. Un compromiso de investimento público, nunca coñecido.

Neste contexto, Galicia participará no reparto dun fondo de 2.800 millóns dedicados a fortalecer a sanidade, un fondo de 600 millóns para financiar as prestacións sociais nas comunidades autónomas, e nun fondo extraordinario de 16 mil millóns dedicado a paliar as consecuencias da crise e dos custes adicionais da pandemia. Dentro deste último fondo, Galicia participará no reparto dun tramo de 2000 millóns dedicados a fortalecer e mellorar o sistema educativo, a pesar de que o Sr. presidente da Xunta de Galicia teña manifestado o seu rexeitamento a que eses fondos sexan investidos en educación.

A maiores, os fondos que proveñen do Estado – 300 millóns mensuais - permitiron sufragar prestacións en Galicia, que afectaron a máis de 272.000 galegos e galegas a través dos ERTES, e máis de 68.000 autónomos/as que viron reducida a súa actividade ou mesmamente tiveron que pechar o seu negocio. E dicir, practicamente o 25 % dos asalariados e das asalariadas e unha proporción similar das persoas autónomas obtiveron unha prestación extraordinaria do Estado. Si a estas prestacións extraordinarias, lle engadimos as prestacións ordinarias (pensións, subsidios desemprego, salarios de persoas funcionarias, pensións), máis da metade da poboación adulta en Galicia estaba (e en parte está) percibindo ingresos dependentes dos orzamentos públicos, o que indica a magnitude do esforzo realizado, pero tamén a imposibilidade de mantelo a longo prazo.

En canto ás empresas, máis de 7.393 empresas galegas foron avaladas polos programas dependentes do ICO, por importe global de 1.795 millóns de euros (3 % PIB Galicia).





A contundente e rápida reacción do Estado e o calado das medidas adoptadas, non se compadece coa actuación do Goberno da Xunta de Galicia que ten reaccionado, no marco da súa competencia e capacidade orzamentaria, de xeito escaso.

Non cuestionamos as medidas adoptadas polo Goberno galego, cuestionamos a pouca amplitude das mesmas, a escasa priorización e a pouca creatividade na resposta aos problemas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que o Goberno galego dispón de ferramentas para darlle amplitude de resposta a crise a través do Igape, que deba xogar un papel máis intenso no impulso o emprendemento e na cobertura e na financiación dos créditos e avais para dotar de liquidez ás empresas e persoas autónomas.

A aposta pola dixitalización da Administración pública e tamén dos axentes privados, e o fomento do teletraballo deba ser igualmente unha prioridade.

A maiores, entendemos que o propio orzamento da Xunta de Galicia ten marxe suficiente para reorientar partidas e programas non executados polo retraso na súa convocatoria ou mesmamente que resultan inviables como consecuencia da pandemia.

A axilización dos Fondos Europeos deba ser unha ferramenta indispensable, anticipando incluso recursos propios da Xunta de Galicia. A utilización do fondo de continxencia, a participación no Fondo Extraordinario de 16 mil millóns, dos cales nun primeiro tramo lle corresponden 268 millóns ..., son instrumentos que ben xestionados amosarían unha eficacia importante.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar, dentro das capacidades orzamentarias da Xunta de Galicia, unha maior mobilización de recursos públicos para facer fronte a crise económica derivada do COVID -19.





2. Impulsar e aprobar, dentro das capacidades orzamentarias da Xunta de Galicia, o establecemento de axudas directas a persoas autónomas, tal como ocorre noutras comunidades autónomas.
3. Reforzar orzamentariamente a Risga e as axudas sociais de emerxencia, diante do agravamento da crise.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/08/2020 14:19:27**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/08/2020 14:19:37**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 14:19:54**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

### Exposición de motivos:

O acceso a internet de calidade debe estar garantido para tódolos cidadáns. Nas circunstancias actuais, nas que o teletraballo e a educación a distancia se están a empregar dun xeito xeneralizado, non pode ser que a falla de conexión de calidade sexa un novo obstáculo para os galegos.

En Galicia, nestes últimos anos conseguíuse grazas ao Plan de Banda Larga que o acceso a internet sexa universal na Comunidade, pero agora é preciso avanzar e acadar a universalidade das redes de alta velocidade, garantindo a mellor calidade de servizo para tódolos usuarios.

O Goberno de España debe dar resposta ás súas competencias en telecomunicacións e asumir o compromiso de acadar os obxectivos que fixa Europa respecto a conectividade dos Estados membros, facendo un especial esforzo naqueles territorios con especial dificultade pola súa orografía e o seu perfil sociodemográfico.

A Xunta de Galicia a través do Plan de Banda Larga 2020 de Galicia, no marco dos compromisos complementarios ás actuacións do Estado, está a contribuír a acadar estes obxectivos que fixa Europa, estando en execución tódalas liñas de acción previstas e financiadas con fondos FEADER.

Xa que logo, é preciso axilizar aquelas liñas de actuación que dependen da administración xeral do Estado, financiadas con FEDER plurirrexional para Galicia, para garantir o cumprimento dos compromisos que fixa Europa.

Este é un dos asuntos incluídos na a Axenda cos 25 asuntos máis urxentes e prioritarios de Galicia que presidente a Xunta deu a coñecer o pasado 21 de outubro de 2019, destinada a que o seguinte Goberno de atendera nos primeiros meses da seguinte lexislatura, con independencia de como se configurasen as Cortes Xerais. As reclamacións desta Axenda foron incluídas no programa electoral que obtivo a confianza maioritaria dos votantes galegos nas últimas eleccións autonómicas.



Por iso, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno central para demandarlle que garanta e axilice a execución dos fondos FEDER para acadar o obxectivo de cobertura mínima de acceso a internet de 100 Mbps para o 100% da cidadanía”.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 27/08/2020 14:18:40**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 27/08/2020 14:18:54**

**Cristina Sanz Arias na data 27/08/2020 14:19:16**

**Gabriel Alén Castro na data 27/08/2020 14:20:18**

**José Antonio Armada Pérez na data 27/08/2020 14:20:37**

**Noelia Pérez López na data 27/08/2020 14:20:56**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 27/08/2020 14:21:16**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/08/2020 14:21:27**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 27/08/2020 14:21:50**



## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

### Exposición de motivos:

Como reconece a propia Lei Paz Andrade, de 2014, *para aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, o feito de que a lingua galega e a lingua portuguesa sexan mutuamente intercomprensibles permite valorizar o galego como unha lingua de potencialidades e con utilidade internacional.

O portugués é o idioma de traballo de vinte organizacións internacionais, incluída a Unión Europea, así como lingua oficial de nove países e do territorio de Macau, na China. Entre eles figuran potencias económicas como o Brasil e outras economías emerxentes. É a lingua máis falada no conxunto do Hemisferio Sur.

Por iso, o obxectivo fundamental da devandita lei é fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística, un valor que evidencia a importancia mundial do portugués, tendo en conta, precisamente, o crecente papel da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa.

Ao abeiro da Lei Paz Andrade asinouse en 2014 un Memorando de Entendemento, co embaixador de Portugal en España para a adopción do portugués como lingua estranxeira de opción curricular no sistema educativo non universitario galego.

Esta relación de proximidade, entre o galego e o portugués, outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega en moitas vertentes, nomeadamente na cultural pero tamén na económica. Por isto debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional.



Neste senso, para a mellora do desenvolvemento social, económico e cultural galego, débense promover todas cantas medidas sexan posibles para mellor valorizar esta vantaxe histórica.

Por todo o anteriormente exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **proposición non de lei en comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno Central que negocie a adhesión de España como Estado observador asociado na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), recoñecendo a especial vinculación e a particular importancia da Comunidade Autónoma de Galicia no impulso desta relación de cooperación cultural e lingüística”.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 27/08/2020 14:35:00**

**Paula Prado del Río na data 27/08/2020 14:35:15**

**José Manuel Rey Varela na data 27/08/2020 14:35:28**

**María Sol Díaz Mouteira na data 27/08/2020 14:35:48**

**Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 27/08/2020 14:36:02**

**José Alberto Pazos Couñago na data 27/08/2020 14:36:11**

**Álvaro Pérez López na data 27/08/2020 14:36:18**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 27/08/2020 14:36:30**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Montserrat Prado Cores**, e dos deputados **Manuel Antonio Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Sanidade do goberno de España activou recentemente a App “Radar Covid” para facer seguimento persoal da situación da pandemia derivada da COVID-19, co obxectivo de contribuír á detección precoz de novos casos e a unha máis rápida e precisa actuación a respecto da situación epidemiolóxica.

A Consellería de Sanidade, a través do conselleiro en funcións, fixo pública recentemente a vontade de a Xunta de Galiza se adherir a esta aplicación de rastrexo que desenvolve o goberno de España.

Esta App é unha ferramenta de comunicación entre as autoridades sanitarias e a cidadanía e como tal debe respectar o plurilingüismo que caracteriza o estado español.

Actualmente, as usuarias poden acceder a este intercambio comunicativo en castelán, inglés e catalán, mais non en galego, lingua propia e oficial en Galiza, como acaba de reclamar a Mesa pola Normalización Lingüística a través da Liña do Galego.

Correspóndelle á Xunta de Galiza velar polo dereito fundamental das e dos galegofalantes a expresármonos na nosa lingua en calquera ámbito e facer cumprir toda





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

aquela lexislación e regulamentos que ordenan a política lingüística da nosa lingua, como a Lei de normalización lingüística ou o Plan xeral de normalización lingüística, así como aquelas de ámbito superior como a Declaración Universal de Dereitos Humanos, a Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos e a Carta Europea das Linguas Minoritarias.

A presenza do noso idioma nos novos espazos de interacción social vinculados coas tecnoloxías da información e do coñecemento é de vital importancia para o avance do proceso normalizador da lingua galega.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta o Goberno galego a esixir ao goberno de España que, para dar un mellor servizo de atención sanitaria ás usuarias galegas da App Radar Covid, cese no seu desprezo polo idioma galego colocándoo visíbel como unha opción de intercomunicación á par das outras linguas que actualmente se ofertan nesta App.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 28/08/2020 11:20:37**

**Daniel Castro García na data 28/08/2020 11:21:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2020 11:21:42**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/08/2020 11:21:57**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Manuel Antonio Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar 20-21 preséntase como un momento de máxima esixencia e responsabilidade para a sociedade galega. Unha situación que require de medidas e protocolos claros e consensuados coa comunidade educativa para garantir unha volta ás aulas presencial e segura.

Mais a pesar da gravidade da situación, o goberno galego, que tivo 5 meses para preparar o inicio do curso, ausentouse de todas as súas responsabilidades perdendo un tempo valiosísimo para xestionar con eficacia e previsión un inicio de curso no que esta garantida a seguridade do noso alumando.

Dende o BNG entendemos que a situación de cara ao inicio de curso é urxentísima e require da adopción de medidas inmediatas. Non é de recibo que ante unha pandemia como a da COVID-19 teña que ser a propia comunidade educativa a que esta a denunciar a falta de consenso nas medidas e o abandono por parte da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Do mesmo xeito, é fundamental que ante un posíbel escenario de volta ao ensino dende a casa se implementen todas as medidas destinadas a garantir que o alumnado e as familias galegas poidan acceder á educación a distancia sen que isto implique que se prive ao noso alumnado do seu dereito a unha educación equitativa e de calidade.

A ausencia de iniciativas por parte do goberno galego para afrontar unha realidade como a que se deriva da pandemia da Covid-19 e o seu impacto no ensino, sitúanos nunha situación de incerteza e improvisación que non é asumíbel e por iso, dende BNG esiximos que o goberno exerza as súas competencias e estea altura da gravidade da situación que estamos a padecer.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo parlamentario do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Consensuar de xeito urxente coa comunidade educativa un protocolo Covid-19 claro e conciso, que rexa as actuacións e normas sanitarias e académicas para o curso 20/21.
2. Que se implementen medidas destinadas a garantir a conciliación familiar ante esta situación de pandemia.
3. Que se proceda á dotación inmediata aos centros de ensino de persoal docente, de administración e servizos, limpeza e sanitario para garantir unha volta ás aulas presencial e segura.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4. Que se articulen medidas para garantir que todo o alumnado teña acceso aos medios técnicos e materiais no caso de termos que volver a un escenario de ensino dende a casa.”

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020

Asdo.: **Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/08/2020 11:18:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á utilización dos fondos municipais por parte do goberno do Estado.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a situación de desigualdade e incertidume que se está a xerar nas Administracións locais galegas, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego manifestamos o noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

Resulta sorprendente que o venres 17 de xullo de 2020 a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un acordo entre o goberno de España e a FEMP para, segundo constaba textualmente na convocatoria, *“contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura”*. Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin máis nin menos que que o Estado faga unha operación para dotarse de liquidez a consta dos remanentes municipais.

A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP se vira na obriga de suspender a Xunta de Goberno na que pretendía dictaminar este acordo aínda que finalmente o pasado 3 de agosto este organismo aprobara unha proposta do





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ministerio nunha votación dividida, que rompía coa tendencia ao consenso destes instrumentos de debate municipalista.

Durante estes meses, a desculpa do Estado para xustificar esta proposta xira en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro de 2019 e na que por unanimidade se acordou *“Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente”*

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Que actuacións vai desenvolver o goberno galego para traballar a prol dos concellos galegos e superar o marco estatal de estabilidade financeira que permite a incautación de fondos municipais por parte do Estado?

-Que actuacións desenvolveu a Xunta de Galiza para trasladar ao goberno do Estado unha posición de país respecto da situación de desigualdade e incertidume que se está a xerar nas Administracións locais galegas?

-Comparte o goberno galego que o goberno central aborde sen consenso suficiente a incautación de fondos propios dos concellos?

-Considera a Xunta de Galiza que o Estado está a operación para dotarse de liquidez a consta dos remanentes municipais? Que vai facer a Xunta de Galiza para colaborar cos concellos galegos e evitalo?

-Considera o goberno galego que debe ser derogada a denominada Lei Montoro que impulsou o Partido Popular?

-Considera o goberno galego que, nesta crise covid, Galiza será prexudicada por non ter defendido a Xunta de Galiza avances na reforma do sistema de financiamento local? E por non ter avanzado no sistema de financiamento do propio país?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**  
**Ramón Fernández Alfonzo**  
**Daniel Pérez López**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 22/08/2020 12:53:47**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2020 12:53:51**

**Daniel Pérez López na data 22/08/2020 12:54:02**







OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para garantir a conciliación diante de novos gromos e repuntas da COVID-19.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das grandes preocupacións das familias galegas perante a aparición de novos gromos e repuntas da COVID-19 é como garantir a conciliación da vida persoal e laboral no caso de que as súas fillas e fillos non podan ir á escola ou o seu centro educativo se vexa afectado, total ou parcialmente, polo coronavirus. Unha situación que se estende a aqueles fogares con persoas adultas dependentes que sexan usuarias de centros de día ou dirixidos a persoas con discapacidade.

Malia a situación vivida en Galiza na primeira onda da COVID-19, a Xunta de Galiza non preveu este posíbel escenario nin adoptou, até o momento, medidas específicas para garantir o dereito a conciliar no caso de que unha nova vaga en outono poida supor o peche de escolas infantís, centros de ensino infantil e primario, centros ocupacionais ou de día.

Resulta inadmisíbel a nula planificación da Xunta de Galiza en materia de conciliación. Neste senso, por exemplo, o protocolo de volta ás aulas, elaborado polas consellarías de Educación e Sanidade sen diálogo algún coa comunidade educativa, tampouco as ANPAS, nin a Consellaría de Política Social teñen previsto, a escasos días





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do inicio do curso escolar, un escenario que se producirá no noso país a partir de setembro.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza aprobou en xuño de 2020 o ‘Bono coidado extraordinario’ cuxa vixencia se mantivo apenas até o mes de xullo.

Para o BNG garantir o dereito a conciliar debe ser unha prioridade en calquera circunstancia máis aínda nunha situación sanitaria e económica como a que estamos a vivir por mor da COVID-19.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir o dereito de conciliación no noso país ante novos gromos e repuntas da COVID-19?
- Como vai garantir ese dereito para aqueles fogares con crianzas mais tamén para aqueles con persoas adultas dependentes ao seu cargo se pechan de novo os centros?
- Con que orzamento conta a Xunta para tal fin?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**  
**Olalla Rodil Fernández**  
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 24/08/2020 11:55:01**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2020 11:55:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a información que a Xunta de Galiza fai pública en relación á pandemia da COVID-19 e as medidas que o goberno galego debe adoptar ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza atópase á cabeza no Estado español en opacidade a respecto dos datos da COVID-19.

O goberno galego apenas publica, a través de comparecencias públicas ou notas de prensa, datos diarios por áreas sanitarias referidos a “casos activos” (en domicilio, en hospitais e UCI), persoas curadas, falecementos e número total de PCR realizadas.

Porén, gobernos como o vasco, o catalán ou os de Andalucía e Asturias ofrecen a través de senllos portais web datos en aberto e mesmo mapas interactivos coas súas correspondentes series históricas e información relevante desde o punto de vista sanitario que facilita o seguimento e análise da pandemia e a súa evolución, por exemplo, a través de datos desagregados por concellos, franxas de idade, taxa de incidencia (positivos por 100.000 habitantes), positivos por PCR realizadas, R0 (número de persoas contaxiadas por cada caso confirmado), etc.

O acceso á información pública por parte da cidadanía é un dereito que debe garantir a administración en calquera circunstancia máis se cabe en situacións de crise





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

como a actual. O acceso aos datos, de maneira clara e doada, permite ao conxunto da sociedade estar informada e levar a cabo o cada vez máis necesario labor de contraste fronte á rumoroloxía e os *bulos*.

Neste senso, a falta de transparencia coa que está a actuar a Xunta de Galiza desde o comezo da pandemia e mesmo a negativa a publicar información relevante desde o punto de vista público, sanitario e democrático como unha serie histórica da COVID-19 no noso país, é inadmisíbel.

Por todo o exposto anteriormente fórmulase a seguinte interpelación:

- Cre a Xunta de Galiza que está a cumprir os estándares de transparencia e o dereito de acceso á información pública?
- Por que non proporciona o goberno galego información desagregada e unha serie histórica da pandemia?
- Vai a Xunta de Galiza garantir o dereito de acceso a esta información ao conxunto da cidadanía?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**  
**Iria Carreira Pazos**  
**Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/08/2020 14:48:32**

**Iria Carreira Pazos na data 24/08/2020 14:48:35**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/08/2020 14:48:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Cipri Gomes é presuntamente unha organización sen ánimo de lucro cualificada no seu día como de interese deportivo (tal e como se pode constatar na orde do 4 de xullo do ano 2010) e de interese galego (tal e como se pode comprobar no DOG do 12 de agosto de 2010 onde se recolle a resolución de 2 de agosto de 2010 pola que se declara este interese e se ordena a inscrición no rexistro de fundacións de interese galego.

No ano 2012, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuito o edificio do antigo instituto á Fundación “Cipri Gomes” así como o seu polideportivo anexo por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi beneficiaria dunha subvención vencellada os programa Leader, que nace co obxectivo de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063).





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Nese mesmo ano cómpre lembrar que se ditaminaba, co resultado de condena, o que se denominou na prensa escrita como “prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012”. Desde o acordo do ano 2018 foron varias as preguntas realizadas en comisión e no ano 2018 a Xunta de Galiza confirmaba que esta cuestión estaba a ser investigada pola fiscalía.

Finalmente, o 7 de febreiro de 2019 a Comisión 3ª adoptou o seguinte acordo *“O Parlamento acorda instar á Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento Galego no prazo máximo de 15 días toda a documentación referente a todas e cada unha das axudas, subvencións ou convenios de colaboración entre as diversas consellarías e organismos desta administración e a Fundación Cipri Gomes desde o ano 2010.”*

Desde entón, non recibimos nova información por parte da Xunta de Galiza, e a realidade é que esta fundación continúa con actividade ao longo do territorio, particularmente en varios concellos de Ourense.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Cantas axudas, subvencións ou convenios de colaboración ten subscrito a Xunta de Galiza coa Fundación Cipri Gomes desde o ano 2010?

-Cantas desde Vicepresidencia? De que montantes? Están debidamente xustificadas?

-Cantas desde Presidencia? De que montantes? Están debidamente xustificadas?

-Cantas desde a Consellaría de Economía, emprego e industria e as anteriores consellarías competentes en materia de promoción do emprego? De que montantes? Están debidamente xustificadas?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para a toma en consideración e cumprimento por parte de Agader do acordo emanado da Cámara galega?

-Por que medios e en que datas se tratou esta cuestión?

-Ten constancia a Xunta de Galiza de se a Fundación Cipri Gomes de Viana do Bolo cumpre coas funcións comprometidas para a obtención de recursos económicos a través da Agader e os fondos Leader?

-Ten coñecemento o goberno galego das prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012 polas que foi condenado o señor Cipriano Augusto Gomes, presidente da Fundación Cipri Gomes?

-Ten avaliado se a xestión de fondos públicos desta entidade cumpre coas garantías esixíbeis?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Considera que debería retirárselle a condición de interese galego?

-Ten esta fundación a documentación económica de cotas e taxas ao día respecto do ano 2017? e 2018? e 2019?

-Coñece o goberno galego en que situación está o proceso da fiscalía?  
Interesouse por isto dalgunha maneira?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 25/08/2020 11:21:44**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 25/08/2020 11:21:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2020 11:21:59**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O 5 de xuño deste ano, o presidente da Xunta de Galicia anunciou “O plan de Reactivación e Dinamización 2020”, aprobado polo consello da Xunta de Galicia, cunha dotación económica de 3.043 millóns de euros e como obxectivo fundamental recuperar a actividade económica de Galicia máis afectada pola pandemia, a xeración de emprego nos sectores máis golpeados pola covid-19 e fornecer os servizos públicos que recibe a cidadanía.

Segundo a información colgada na páxina *web* da Consellería de Facenda, esta dotación suporá o armazón financeiro do que disporá a Xunta de Galicia para facer viables todos os proxectos sectoriais prioritarios que desenvolve cada departamento autonómico.

O dito plan terá dúas partes, unha primeira de 1.741 millóns de euros, dos que 828 millóns procedente da reasignación do Orzamento en vigor da Xunta de Galicia, 506 millóns procedentes do Goberno de España, 51 millóns de reprogramacións de fondos europeos e 256 millóns das marxes orzamentarias, como o déficit adicional ou o aforro de intereses. A segunda parte, 1.302 millóns de euros serán, segundo estima o dito plan, mobilizados polo sector privado.

En canto ao reparto destes recurso por áreas prioritarias, informa a Consellería, que para dinamización económica a dotación económica será de 340 millóns para actuacións a curto prazo (axudas *shock* económico causado pola parálise), a medio prazo (retorno á actividade) e a longo prazo (pulo á transformación económica e industrial); mentres que a dotación económica para o emprego será de 197 millóns de euros para o impulso do emprego autónomo, a formación para o emprego, a transición ao novo contexto laboral (medidas no campo do teletraballo, a contratación ou os ERTE, ou para a modernización das oficinas de emprego).

Para sanidade destinaranse 450 millóns de euros, 105 millóns para a área social e 72 millóns para a mellora da ensinanza; 58 millóns para o turismo e a cultura, 77 millóns para o sector do mar, 104 millóns para o medio ambiente e a vivenda; 183 millóns para infraestruturas e mobilidade; e 161 millóns para o medio rural.



Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Pode o Goberno galego explicarnos de onde sae a reasignación orzamentaria por partidas dos 828 millóns de euros?

2ª) Que reprogramación orzamentaria ten prevista por partidas dos 51 millóns de euros procedentes de fondos europeos?

3ª) De onde saen, por partidas orzamentarias, os 256 millóns das marxes orzamentarias?

4ª) Como prevé o Goberno galego a materialización en contía económica e por áreas dos 1.302 millóns de euros que serán, segundo estima o dito plan, mobilizados polo sector privado?

5ª) Ten previsto o Goberno galego un plan de seguimento e avaliación do dito plan?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/08/2020 12:09:58**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/08/2020 12:10:27**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego para establecer os convenios de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia con determinados concellos galegos durante a X Lexislatura?

2ª) Vai o Goberno galego publicar, no prazo máximo de tres meses, a totalidade dos convenios asinados pola Axencia Turismo de Galicia con determinados



concellos galegos na X lexislatura, con indicación do nome do concello e a contía total recibida por cada un a través destes convenios?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/08/2020 12:21:20**

**Pablo Arangüena Fernández na data 25/08/2020 12:21:41**

**Paloma Castro Rey na data 25/08/2020 12:21:59**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 25/08/2020 12:22:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo de 2019 o Consello de Contas remitía ao Parlamento Galego e, por extensión, á sociedade galega o resultado de diferentes informes. Entre eles atopábase o Informe relativo aos Procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016

Este informe, tal e como sinala na súa memoria, ten por obxecto “a análise dos procesos de extinción das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galiza como consecuencia da reestruturación do sector público”. Neste informe sinálanse numerosas *salvedades* e reparos como resultado da fiscalización efectuada e dise literalmente que se puxeron “de manifesto as limitacións ao alcance do traballo e os incumprimentos da normativa aplicable ao proceso de extinción de entes dependentes da Comunidade Autónoma, durante os exercicios 2010 a 2016” sinalando defectos como que “a Xunta de Galiza non puxo en marcha o rexistro de entidades del sector público da Comunidade Autónoma previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico” ou que “As contas anuais de 16 das 75 entidades extinguidas non se renderon ao Consello de Contas”.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O informe recolle tamén conclusións que dan por fracasadas, do punto de vista política, as afirmacións falaces dos inicios de Núñez Feijóo ao fronte da Xunta de Galiza referentes a rematar con “chiringuitos” xa que evidencian, por exemplo, que o aforro foi mínimo xa que as entidades eliminadas non tiñan un gran peso económico ou que “A aposta polo modelo de Axencia, que se afasta do camiño seguido pola Administración central e por outras Comunidades Autónomas, está a ter unha eficacia limitada.”

Así mesmo, respecto do persoal, as conclusións do Consello de Contas son demoledoras xa que sinala como “en moitos casos non cumpriron os principios de igualdade, mérito e capacidade. As diferenzas son especialmente relevantes na Axencia de Turismo e xeran desigualdades retributivas significativas non xustificadas nos postos de traballo e impide a consecución dunha xestión do persoal xusta e eficiente.”

Finalmente, entre as cuestións máis relevantes do informe podemos sinalar que certifica a falta de transparencia do goberno da Xunta de Galiza, xa que se fai eco o Consello de Contas dunha situación que ten denunciado a oposición reiteradamente “Os plans de racionalización aprobados pola Xunta non foron obxecto de publicación. Tampouco se publicaron os informes nos que se avalía o seu grao de realización (informes de seguimento) ata que, en virtude das recomendacións formuladas polo Consello de Contas, a Xunta de Galicia publicou en 2018 no seu portal de transparencia un informe resumo dos procesos de reordenación ”

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai a Xunta de Galiza do informe relativo aos Procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como xustifica a Xunta de Galiza non ter posto en marcha en tempo e forma o rexistro de entidades del sector público da Comunidade Autónoma previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico?

E como xustifica o goberno galego que as contas anuais de 16 das 75 entidades extinguidas non renderan contas ao Consello?

E como explica que a asunción pola Axencia de Turismo do inmovilizado de Turgalicia e do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos non estea reflectida contablemente nin conste a acta de cesión dos bens?

Vai depurar o goberno galego responsabilidades políticas por esta mala planificación e xestión?

Como valora o goberno galego que o seu mantra de “acabar con chiringuitos” estea botado por terra unha década despois de facerse presidente da Xunta de Galiza Núñez Feijóo?

Que vai facer o goberno galego para que a administración que dirixe deixe de incumprir na súa política de persoal os principios de igualdade, mérito e capacidade?

Despois deste informe, vai reformar a Xunta de Galiza por fin o funcionamento do IGAPE?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 25/08/2020 12:04:49**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2020 12:04:53**

**Daniel Pérez López na data 25/08/2020 12:05:38**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente que na actualidade, co sistema fiscal vixente, a contribución impositiva recae fundamentalmente sobre os impostos indirectos ao consumo e ás rendas do traballo, fronte ás de capital, ao que se suman unha serie de condicións para a declaración da renda que non inclúen suficientes posibilidades de desgravacións para favorecer aos colectivos máis vulnerábeis de forma suficiente.

Dese xeito, o resultado é que o actual sistema impositivo non ten contribuído a corrixir as desigualdades económicas e, polo tanto, non cumpre a súa función teórica de ferramenta para a redistribución da riqueza.

Os poderes públicos teñen a capacidade de arbitrar determinadas circunstancias que desgravan á hora de cumprir coas obrigas fiscais na coñecida como declaración da renda. Neste camiño, o Bloque Nacionalista Galego ten observado unha ausencia importante que tamén ten sido denunciada por asociacións e colectivos sociais. As formas de vida e a configuración das familias abranguen unha alta variedade, dependendo de factores sociais, económicos, culturais ou de escolla afectiva e persoal. Neste sentido, salienta un baleiro importante canto ás familias monoparentais e a atención á súa especificidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A xuízo do Bloque Nacionalista Galego é preciso impulsar desde o ámbito galego e estatal unha maior protección xa que ademais beneficiaría a un dos colectivos que máis padecen esta desigualdade, o das mulleres, que son quen lideran as familias monoparentais e quen ademais sofren as consecuencias do sistema patriarcal no ámbito económico e laboral.

Na actualidade, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galiza contempla no seu Capítulo II, Sección 7.<sup>a</sup> Acción protectora das familias de especial consideración o seguinte: f) No ámbito tributario, mediante o establecemento pola Xunta de Galicia de beneficios fiscais na área das súas competencias. Porén, nove anos despois da súa aprobación, este aspecto non foi desenvolvido polos sucesivos gobernos de Núñez Feijóo. Máis aínda, teñen votado en contra reiteradamente no Parlamento Galego a iniciativa deste grupo na X Lexislatura.

Recentemente, no marco da campaña electoral das eleccións galegas do ano 2020, o daquela candidato do PP prometía incorporar esta cuestión. Porén, unha vez máis, situábase esta cuestión na “homologación” ás familias numerosas, unha óptica que os colectivos e asociacións de familias monoparentais rexeitan por non recoller a súa especificidade. Así mesmo, fica sen esclarecerse a día de hoxe se as deducións que prevé o goberno galego van na liña das existentes no ámbito no que se contemplan deducións para familias monoparentais con dous fillos, o que exclúe moitas familias monoparentais dun só fillo ou filla que non poden acollerse a esta dedución.

É necesaria unha profunda revisión desta cuestión, máis aínda tendo en conta o impacto da pandemia do coronavirus.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que medidas fiscais e tributarias ten previstas o goberno galego para contribuír á redistribución da riqueza canto ás familias monoparentais?

Cales son as razóns de demorar máis de nove anos para impulsar algunha medida deste tipo?

Vai contemplar o goberno galego a especificidade do colectivo monoparental sen pretender subordinalo ás familias numerosas?

Considera o goberno galego que ten desenvolto os mecanismos precisos para axudar, no ámbito das súas competencias, a que o crecente número de familias monoparentais do noso país vexan reducido o seu potencial risco de pobreza e exclusión social?

Considera o goberno galego que o sistema tributario é xusto para coas familias monoparentais ou, pola contra, que a súa regulamentación está aínda moi vinculada ao modelo tradicional de familia?

Ten avaliado o goberno galego o impacto nas familias monoparentais galegas da crise económica e dos recortes en materia de servizos públicos e sociais?

E o impacto da crise da covid 19?

Nun contexto de crise demográfica e avellentamento, considera o goberno galego que ten feito esforzos suficientes para crear un ambiente de protección suficiente para o desenvolvemento da maternidade ou paternidade individual por elección propia?

Vai seguir o goberno galego vetando unha lei específica para familias monoparentais e demorando compromisos co sector?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 25/08/2020 13:25:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2020 13:25:11**

**Ramón Fernández Alfonso na data 25/08/2020 13:25:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No contexto de desigualdade económica acelerado pola irrupción da crise da pandemia do coronavirus, é fundamental que as administracións públicas e as súas políticas de contratación sexan impulsoras do dinamismo económico e, asemade, da corrección das igualdades sociais.

No Pleno do Parlamento Galego do día 13 de marzo de 2019, aprobouse unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego relativa ás accións que debe impulsar a Xunta de Galiza para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega co seguinte texto:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a impulsar as seguintes accións para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega:

1. Definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade onde se contemple: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Designar unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade.

3. Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno.

4. Elaborar e remitir á Cámara Galega un informe anual da implantación progresiva das cláusulas de igualdade que incorpore información tanto estatística como cualitativa e a difusión de experiencias e boas prácticas

5. Impulsar as modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.”

Posteriormente, no mes de novembro, a través dunha interpelación e posterior moción, o Grupo do BNG insistiu nesta cuestión. No contexto de desigualdade económica acelerado pola irrupción da crise da pandemia do coronavirus, é fundamental que as administracións públicas e as súas políticas de contratación sexan impulsoras do dinamismo económico e, asemade, da corrección das iguaisdades sociais.

Polo tanto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguintes preguntas para avaliar o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos. Como en ciclos económicos anteriores de recesión, está demostrado o impacto que as recesións económicas teñen nas mulleres, polo tanto é urxente artellar novas medidas que contribúan a evitalo.

Por todo isto fórmulase a seguinte interpelación:







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para a incorporación cláusulas de igualdade dando cumprimento aos acordos impulsados o 13 de marzo de 2019?

-Cales son as razóns para terse demorado no compromiso de traballar o goberno galego para definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade? Encetou estas tarefas? A través de que organismos? Con que resultado?

-Designou xa a Xunta de Galiza unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade? Ten valorado como o vai facer? E en que prazos?

-Vai impulsar o goberno galego accións para Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno? De que forma?

-Que planificación ten o goberno respecto de remitir á Cámara Galega un informe anual sobre estas cuestións?

-Ten avaliado o goberno galego a capacidade do marco legal sobre contratación pública para impulsar o establecemento de cláusulas de igualdade?

-Ten contrastado a Xunta de Galiza experiencias doutros gobernos nesta liña? Con que resultado?

-Por que non dá resultado a guía para unha contratación pública socialmente responsable? Considera que ten suficiente perspectiva de xénero?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-No Decreto en materia de igualdade faise algunha referencia como no artigo 67 que dá preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autonoma ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade, como valora o seu cumprimento?

-Vai converter o goberno galego a crise da covid nunha desculpa para non levar a cabo estes compromisos?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2020 13:50:36**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 25/08/2020 13:50:49**

**Daniel Pérez López na data 25/08/2020 13:51:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade dun novo modelo de financiamento xusto para Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade dun novo sistema de financiamento que garanta suficiencia e capacidade financeira do noso país é unha evidencia co estoupido da crise da Covid-19. A resposta a esta crise debe centrar o gasto en reforzar servizos públicos, en especial os sanitarios, e prestacións sociais, así como a políticas de impulso e dinamización económica, fundamentais para impulsar a recuperación unha vez superada a emerxencia sanitaria, e cómpre lembrar que as competencias para levar a cabo estas políticas residen en Galiza.

Nesta crise viuse perfectamente como o Estado pretendía acaparar competencias propias e despois non era quen de abordalas. Mais vimos tamén con preocupación un goberno galego disposto a non querer decidir nin asumir nada. As e os nacionalistas estamos convencidos de que a liña de actuación ten que ser a contraria, apostar nas nosas capacidades e demandar o dereito a decidir sobre o que nos atinxe.

A resposta esta crise debe ser o punto e final a un reparto do gasto inxusto. Non pode supoñer avanzar nas decisións que se deron a partir de 2008 por PP e PSOE que se resumen en que hoxe asumimos como país responsabilidades que se asumen en detrimento dun sobrerrepresentado gasto do Estado en manterse a si propio (de máis do





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

50% do total). Ademais, permanecen no ámbito do Estado criterios moi alonxados das necesidades que pon de manifesto esta crise, como o gasto militar e en especial os programas de renovación do armamento, o financiamento á igrexa católica, etc. Ningunha destas cuestións serviron ou están a servir para salvar vidas.

O actual modelo de financiamento está esgotado e resulta totalmente obsoleto para afrontar a crise do coronavirus, e debe ser prioridade do goberno negociar un novo modelo baseado no concerto económico e non admitir nin un paso atrás na recentralización política ou económica.

Por todo isto formúlase a interpelación:

Comprométese o goberno galego coa demanda dun novo modelo de financiamento baseado nun concerto económico que dote Galiza de capacidade de decisión sobre os seus recursos?

Considera o goberno galego que foi un lastre na crise do coronavirus a falta de capacidade de decisión sobre o destino dos nosos recursos económicos? Que fixo para superar esta situación?

Considera a Xunta de Galiza que foi un erro contribuír a que após 2014 non se renegociara un novo sistema de financiamento?

Cre o goberno galego que foron positivo os resultados do sistema de réxime común para Galiza? Como valora os recursos perdidos?

Recoñece o goberno galego que o actual sistema infrafinancia os servizos públicos que nos corresponde desenvolver como país, especialmente a sanidade?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2020 14:06:37**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 25/08/2020 14:06:50**

**Daniel Pérez López na data 25/08/2020 14:07:01**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos a maduración da uva nas distintas zonas vitivinícolas de Galicia está sufrindo un adianto considerable. Isto fai que a recolección da mesma se sitúe a finais do mes de agosto en que estamos.

Na rolda de prensa que seguiu á reunión do Comité clínico de mediados de agosto, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, asegurou que o "obxectivo é incrementar a seguridade sanitaria nas campañas, conxugando a continuidade coa saúde dos traballadores". e engadiu que a partir do día 20 se realizarían test do coronavirus entre os 3.000 e 4.000 xornaleirxs que se calcula van seren contratadxs para realiza-los traballos da vendima. *"Unha actividade moi importante na nosa comunidade, estamos preparados para o efecto"* rematou o presidente.

Certas estas últimas palabras aínda que non as outras.

Neste noso País os traballos da vendima, así coma os doutras colleitas agrogandeiras realízanse con man de obra contratada (xornaleirxs) de parte de empresas cun medio e alto volume de produción. Non é así o caso dos traballos de recolección para autoconsumo ou de pequenxs agricultorxs e gandeirxs, que se realiza con man de obra familiar ou veciñal seguindo os costumes ancestrais da agrogandeiría deste país.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A maior parte dos gromos e contaxios aparecidos no territorio do Estado español teñen a súa orixe na interacción familiar e social, e nos poucos relacionados coa actividade económica teñen especial importancia os do sector agroalimentario, derivados da actividade de colleitas coa incorporación ás explotacións de man de obra temporal.

Pois ben. A día de hoxe non hai traza dun protocolo sobre a seguridade sanitaria elaborado pola Administración galega para os traballos de vendima que xa se están realizando. E moitas adegas e colleiteirxs que empregan un bo número de xornaleirxs están á espera, sen vendimar, de que a Consellería responsable se digne mover ficha nesta absurda partida de parchís.

Sabemos, si, que a Consellería de Sanidade pediulle hai nada á AGACAL unha relación nominal de traballadores/as "temporeiros contratados". E que vai pasar co resto de persoas que van participar nos traballos da vendima, teñan ou nun unha relación laboral coa explotación, e non teñen esa condición de "contratados"?

A AGACAL pasóulle-lo inquérito ós Consellos reguladores e estes pásanllelo ás súas adegas. E as adegas que non están en ningún Consello Regulador? E os pequenos colleiteiros e os de autoconsumo?

Unha vez máis o goberno galego mostra o seu descoñecemento do sector ou a súa indolencia e apatía polo mesmo. Pode ser peor e vir resultando que se conceptúe a viticultura galega coma se da Meseta se tratase, ou pensen que na realidade agrogandeira galega só existe a figura da "empresa" como se desprende do escrito da Consellería de Sanidade. Isto sería máis grave aínda.

Máis aló das restricións e medidas preventivas a nivel social e laboral para distintos sectores da actividade económica, no que atinxe ás principais actividades





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

produtivas no rural galego: agraria, gandeira e forestal, nin por parte da Administración do Estado, nin pola do Goberno Galego, se teñen establecido marcos referenciais concretos para protocolos de actuación na actividade produtiva e/ou medidas preventivas para facerlle fronte ao COVID19 na situación actual, e nas fases futuras de restablecemento da normalidade nas actividades produtiva, económica e social.

Certo que existen os Plans de Riscos Laborais de cada empresa e que estes deben ser actualizados pola mesma empresa. Cremos que neste caso a dotación dun marco referencial debera ser, digamos, de oficio polo Servizo de Prevención sobre todo para as pequenas adegas e explotacións que non acostuman ter estes protocolos.

Nada se sabe tampouco de se está prevista algunha liña de axudas directas para as explotacións e adegas, que lles permita asumir os custes en que incorrerán para a adopción das medidas preventivas.

Velaí un goberno que nada fai por iniciativa propia, pero é que tampouco dan resposta á demanda do sector que dende hai tempo lles veu anticipando deste problema, como é o caso da FRUGA que xa o 17 de xullo lles solicitou tomar medidas ó respecto ós Conselleiros de Medio Rural e de Sanidade. (Escritos que a día de hoxe non obtiveron resposta). Ou sexa: saber non saberán, pero non poden dicir que non estaban avisados!!!!

Mais o realmente grave é que este problema rebase o ámbito estritamente laboral e se poida converter nun problema social de gravidade e de segui-la ausencia de goberno levamos camiño de que así sexa.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cales foron as medidas adoptadas polo goberno galego diante dos traballos da vendima e outros agrogandeiros para unha prevención e seguridade sanitaria dos/das traballadores/as e da poboación en xeral?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Maria González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 26/08/2020 09:19:51**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/08/2020 09:19:56**

**María del Carmen Aira Díaz na data 26/08/2020 09:20:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A débeda pública galega incrementouse fortemente nos últimos anos, tendo na actualidade un forte peso nos orzamentos da Xunta de Galiza, un peso que non se corresponde coa escasa información existente sobre a mesma.

O último dato dispoñíbel, do primeiro trimestre de 2020, sitúa a débeda pública de Galiza en 11.687 millóns de euros. Isto supón un récord se comparamos coas cifras anuais anteriores, e a segunda cifra máis alta se comparamos co máximo histórico trimestral acadado cos 11.750 millóns de euros rexistrados en marzo de 2018).

Ollando a evolución da débeda ao longo dos últimos anos constátase que dende que governa Feijóo a débeda incrementou en 7.764 millóns de euros, isto é, case un 200%. Os gobernos de Feijóo xeraron a maior parte da débeda galega, triplicándoa. Así mesmo, amosa dúbidas sobre os procedementos de axuste de débeda que afirmaba o goberno galego no período 2018-2020 coa saída aos mercados.

Esta evolución consolidouse co paso dos anos malia que o PIB medra en Galiza dende o 2014, data na que a débeda se situaba en 9.961 millóns de euros. Polo tanto, podemos afirmar que no posterior contexto de crecemento macroeconómico, a débeda galega medrou en 1.726 millóns de euros. Con estes antecedentes, a emerxencia da crise





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do coronavirus, que fai prever estimacións de importantes caídas do PIB, fan intuír un posíbel aumento do endebedamento. Esta é unha cuestión que, a xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, require de atención, dun debate amplo e da máxima transparencia.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Como valora o goberno galego os últimos datos de débeda do noso país segundo os datos do Banco de España? Considera que se axusta as previsións de axuste de débeda indicadas nos últimos anos? E ás previstas dos orzamentos?

-Cal prevé o goberno galego que sexa o impacto da primeira fase da crise do coronavirus na débeda galega?

-Está disposto o goberno galego a garantir información detallada sobre a débeda pública galega, tal como os cadros de amortizacións, listaxe de entidades coas que está contraída a débeda, os xuros pagados en cada emisións, etc?

-Cales son os cadros de amortización da débeda pública galega?

-Cales son os tipos de xuro aos que se emite a débeda galega?

-Cales son as entidades coas que está contraída a débeda pública galega?

-Ten revisto o goberno galego impulsar a creación dunha comisión formada por expertos de diferentes ámbitos sociais e económicos coa finalidade de que leve a cabo unha auditoría da débeda pública galega?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Está disposto o goberno galego a garantir un debate político profundo sobre cal debe ser a orientación da débeda galega nos próximos anos tendo en conta o impacto e as necesidades da crise covid?

-Que influencia ten na débeda galega un sistema de financiamento inxusto acordado polo Partido Popular e polo propio Núñez Feijoo?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 26/08/2020 10:01:36**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2020 10:01:39**

**Daniel Pérez López na data 26/08/2020 10:05:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz e Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde os anos 60 do pasado século XX, a liña de autobús que une Mesía e Vila de Cruces coa Coruña, coñecida popularmente como “O Mesía”, vertebrou a vida diaria de diferentes parroquias e lugares dalgúns dos concellos da comarca das Mariñas e da Coruña.

Malia seguir a ser esta na actualidade un importante nexo de unión da veciñanza destas comarcas coa cidade da Coruña, e garantía de mobilidade sostíbel no interior, no Bloque Nacionalista Galego vimos de confirmar a cancelación desta liña de autobuses e, polo tanto, a anulación dun servizo de comunicación en transporte colectivo por estrada fundamental que afecta negativamente a un amplo territorio que comprende concellos como: Vila de Cruces, Arzúa, Boimorto e Mesía.

A respecto da comarca das Mariñas e da Coruña, falamos de concellos como Carral (no lugar das Travesas quedan sen ningún tipo de comunicación coa cidade herculina) e todo o sur do concello de Abegondo (seriamente afectadas parroquias como Vizoño, Montouto, Figueiroa e Sarandós) sen posibilidade de desprazarse en transporte público á Coruña, Cambre e Culleredo.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asemade, a afectación no concello de Carral e de Abegondo transcende o tránsito das usuarias locais habituais, pois nesta parte do percorrido están as localidades das Travesas (concello de Carral) e San Bartolomeu (no concello de Abegondo) por onde transcorre o Camiño inglés, ao igual que acontece na parroquia de Sarandós (Abegondo), o que reduce as facilidades de desllocamento para a conexión coa cidade da Coruña, tamén desde a perspectiva do servizo turístico e cultural.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:

Que solucións propón o goberno de Galiza que eviten o deterioro manifesto na mobilidade de viaxeiros no rural do noso País coma por exemplo a liña de viaxeiros por estrada coñecida popularmente coma “O Mesía” ameazada de supresión?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Carreira Pazos**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Mercedes Queixas Zas na data 26/08/2020 12:40:57**

**Iria Carreira Pazos na data 26/08/2020 12:43:36**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2020 12:43:48**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/08/2020 12:43:56**

**Paulo Ríos Santomé na data 26/08/2020 12:44:07**



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A mediados do mes de agosto, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura e Turismo suspendeu de maneira inmediata o circuito Directos Xacobeo'21 en Salas e os eventos da Rede Galega de Música ao Vivo, enmarcados no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico do Goberno galego. Ambos os dous buscaban estimular a recuperación da actividade dos profesionais da música en vivo e das salas galegas de concertos fronte aos efectos da crise sanitaria provocada pola Covid-19.

Directos Xacobeo'21 en Salas tiña programados entre xullo e outubro 131 concertos con 108 bandas galegas en preto de 40 salas de toda Galicia. Pola súa banda, a Rede Galega de Música o Vivo tiña contratadas 81 bandas e artistas para 250 concertos en 20 salas de 15 vilas.

Agadic xustificou a decisión nas medidas en materia de saúde pública recollidas no Acordo do Consello Interterritorial de Saúde do 14 de agosto de 2020 e na Orde da Consellaría de Sanidade do 15 de agosto de 2020 que decreta o peche dos establecementos de ocio nocturno en toda Galicia. A axencia entende que as salas de concertos (a cultura) forman parte do ocio nocturno e por iso cancela todos os seus eventos polo de agora nos meses de agosto e setembro.

Como solución, Agadic ofrece a reprogramación dos concertos, algo insuficiente para o sector debido a que a nova axenda xa non contará cos meses de verán, incidindo así aínda máis nos graves prexuízos que todo isto suporá para un sector fortemente afectado pola crise sanitaria e para o que nestes momentos a contratación e/ou o apoio por parte das administracións públicas é case a única garantía da súa viabilidade económica.

Resulta difícil de entender que se o Plan de reactivación cultural que a Consellaría presentou no mes de abril pivota en torno á pandemia da Covid-19 e as súas consecuencias, sexa xustamente este o motivo de cancelación de numerosos concertos de música que se ían celebrar neste semestre, moitos deles na época estival. E máis cando todas estas salas de concertos estaban cumprindo





as medidas de prevención, seguridade e hixiene ás que obriga esta nova situación sanitaria.

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- 1ª) Pensa o Goberno galego reconsiderar esta decisión para facilitar a programación de concertos nestas salas no tempo de verán?
- 2ª) Por que se suspenderon de maneira arbitraria estes eventos do sector da música ao vivo se outros cun desenvolvemento moi semellante continúan co apoio da Consellería?
- 3ª) Coñecidas as desvantaxes da reprogramación, única solución alternativa dada, ten prevista o Goberno galego algunha acción para tentar resolver os problemas causados a estas salas e grupos de música?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 26/08/2020 11:28:33**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/08/2020 11:28:49**



## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O sector cultural galego achega ao noso PIB en torno ao 2,5 %, dando na actualidade emprego a preto de 35.000 persoas e presentando nos últimos anos índices de crecemento verdadeiramente óptimos. Mais a crise xerada pola evolución epidemiolóxica da Covid-19 truncou este escenario optimista, afectando de maneira moi especial a toda esta industria e sumíndoa nunha parálise case total.

Profesionais de todos os ámbitos da cultura trasladaron en todo este tempo a súa inqueda diante dun futuro incerto que pode supor a desaparición de moitas empresas do sector e unha perda significativa de postos de traballo.

Diante desta situación, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba o pasado 30 de abril o *Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da Covid-19* da Consellaría de Cultura e Turismo. Cun investimento de 27 millóns de euros, o plan presenta preto de 50 medidas destinadas a, di textualmente, “fomentar o emprego, xerar liquidez e reactivar o consumo” cun horizonte de execución en decembro do presente ano 2020. Do investimento total, o dedicado especificamente ao sector cultural son 10.170.870 euros (para o Xacobeo inviste 5.645.000 e en turismo o restante).

O Plan recolle un estudo económico, aínda en elaboración, de especialistas da USC que estima, nun escenario optimista, un impacto negativo da crise da Covid-19 no sector da cultura de entre os 100 e 120 millóns de euros e unha perda de entre 2.000 e 2.500 empregos e, nun escenario pesimista -en relación á dinámica do nivel de cancelacións, do fluxo de gasto público e da diminución do consumo final de produtos e servizos culturais-, un desemprego que chegue ata os 11.000 profesionais.

Diante deses números, que sen dúbida apuntan á necesidade de medidas contundentes de apoio, agardábase un plan que contemplase medidas concretas e anovadoras, que de verdade supuxesen un balón de osíxeno para un sector que foi dos máis prexudicados pola crise xerada pola pandemia. Non obstante, o plan presentado mostrouse a todas luces insuficiente xa que en realidade non é máis que un intento de reprogramación ou reformulación do xa existente á vez que pivota en modo importante arredor do Xacobeo 2021.

Por outra banda, afirmouse que o plan fora consensuado co sector e nada máis lonxe da realidade. Nos seguintes días á súa presentación pública todo o tecido cultural galego saíu en tromba a criticar este plan, que tachaban de “baleiro de contido e inconcreto”. Artistas e xestores culturais, profesionais da ilustración, actores e actrices, xentes do



mundo da danza, do cinema, da música tradicional, das artes escénicas, do sector audiovisual, dos festivais, de asociación e cooperativas culturais... Todos e todas criticaban ao unísono un plan que carece dunha estratexia a medio e longo prazo que asegure a pervivencia de todos os empregos e de todas as iniciativas que no noso país se teñen posto en marcha e que aproveite ademais esta crise para un cambio de paradigma no modelo de apoio das políticas públicas.

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Chegados ao ecuador do plan (previsto de maio a decembro), canto leva executado o Goberno galego no que corresponde ao sector cultural? Canto orzamento corresponde a esa execución?

2ª) Dado que a Consellería manifestou que era un plan aberto a novas propostas, incluíuse algunha formulada por parte do sector? De ser así, cal e con que orzamento?

3ª) Existen xa datos/valoracións que nos poidan aproximar a algún escenario ou que albisquen algunha recuperación do sector?

4ª) Está xa rematado o estudo que a Consellería encargou á USC para calcular o impacto da crise sobre o sector cultural?

5ª) Contempla o Goberno galego algún outro enfoque estratéxico de recuperación do sector cultural que non estea vinculado ao Xacobeo?

6ª) Considera o Goberno galego que a CRTVG vai xogar algún outro papel neste plan, ademais da exhibición de contidos musicais durante o Xacobeo?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 26/08/2020 14:19:11**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/08/2020 14:19:29**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O estado de alarma decretado polo Goberno o pasado mes de marzo para frear a crise da COVID-19, parou a actividade xudicial durante dous meses, o que prexudicou notablemente o funcionamento da Administración de Xustiza ao supoñer un incremento notable da carga de traballo para o persoal.

A isto súmase o prexuízo económico causado aos profesionais do sector, avogados/as e procuradores/as e a minoración das garantías xurídicas ás persoas usuarias.

Para facer fronte a isto, a comezos do mes de abril, a Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial elaborou un documento base sobre medidas organizativas e procesuais para o plan de choque que evitase o colapso da Administración de Xustiza ao rematar o estado de alarma. Asemade o Goberno de España activou un plan de axilización da actividade xudicial, previsto na disposición adicional 19ª de Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo.

Nada fixo ao respecto o Goberno galego, tendo en conta que a situación da xustiza galega, que aínda vén arrastrando a folga do persoal da Administración ao comezo da pasada lexislatura.

Esta falta de previsión e de planificación pode ter consecuencias nefastas se temos que tomar novamente medidas restritivas por mor dunha segunda ola da pandemia, situación bastante probable, tendo en conta os últimos datos sanitarios sobre a evolución dos contaxios na nosa comunidade.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Porque a Xunta de Galicia non ten elaborado un plan de medidas para adaptar a Administración de Xustiza á situación de pandemia que vivimos?



2. Ten prevista algunha actuación no eido da Administración de Xustiza, para o caso que se produzan novas restrición motivadas polo incremento de número de casos da COVID-19 en Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 10:15:47**

**Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 10:16:01**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Lei 3/11, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito de protección á familia, á infancia, e á adolescencia, establece no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posibles, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, constituirán servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar.

A Lei 11/07, do 27 de xullo, lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi a que garantiu a existencia dos puntos de encontro, creados para dar un servizo que facilite e reserve a relación entre as/os menores e as persoas da súa familia, cando exista unha situación de crise, permitindo e garantindo a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En Galicia os puntos de encontro unicamente localízanse nas 7 principais cidades, o que supón un servizo totalmente ineficaz, tendo en conta o gran volume de persoas usuarias. Isto provoca a existencia de listas de agarda que demoraranse moito no tempo e que impiden o cumprimento de resolucións xudiciais, xerando unha perda de dereitos para as persoas.

Asemade o agravio económico para algunhas familias, en moitos casos con dificultades económicas, ao ter que desprazarse as veces máis de 100 quilómetros para poder usar este servizo.



Ao que se suma que en moitos casos, os locais para levar a cabo estas visitas, non cumpren, nin de lonxe, as condicións mínimas para os/as usuarios, como é o caso do Punto de Encontro de Pontevedra, o cal está sito na Avenida de Vigo, na parte traseira da Delegación Provincial de Sanidade.

Este local, coma xa denunciámos en moitas ocasións, está situado nun lugar recóndito, co perigo que isto supón para as mulleres vítimas de violencia; non cumpre as condicións de accesibilidade; é moi pequeno tendo en conta que por aí pasan unha media de 200 familias cada fin de semana. O que leva ás familias a ter que compartir espazos.

Esta situación non desexable, empeora por mor da pandemia, xa que, en primeiro lugar, se pechan durante 4 meses estes centros, deixando a esas familias sen poder verse ou relacionarse, posteriormente a Xunta de Galicia reenvía un protocolo no que, non establece máis medidas que as xenéricas de desinfección, espaciamento das visitas e distanciamento social, o que cremos que é unha medida claramente insuficiente.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Porque a Xunta de Galicia non amplía a rede de Pontos de Encontro Familiar, máis necesarios aínda coa situación de pandemia que vivimos?
2. Ten previsto crear un novo Punto de Encontro Familiar, na comarca do Morrazo?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia cambiar a situación do Punto de Encontro de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)







**Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 10:16:25**

**Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 10:16:44**





## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández e Martín Seco García**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A vespa velutina chega a Galicia no ano 2011, colonizando, en só 7 anos, toda a nosa comunidade. Isto fai que este animal pase de ser un insecto descoñecido a xerar unha resposta social de medo ou alarma, polo seu tamaño, e a intensidade das súas picaduras, que causaron incluso varias mortes.

Pero o máis afectado pola súa presenza, e o sector produtor de mel, xa que as velutinas son unha especie que capta as abellas e causa graves danos ás colmeas o que supón grandes perdas económicas, os apicultores estiman que este ano, a súa produción de mel estivo afectada entre o 40 e o 50 %. A isto súmase o perigo que supón un desequilibrio no noso ecosistema, a consecuencia da desaparición da abella común.

As asociacións galegas de apicultores, denuncian descoordinación e a falta de medidas da Xunta de Galicia, no que eles consideran unha praga. Reclaman coordinación na actuación da Xunta de Galicia, xa que son varias as áreas de goberno implicadas, e esixen que se unifiquen as competencias nun único departamento. Ademais de denunciar unha campaña que consideran deficiente.

A principios deste ano, a Xunta de Galicia en coordinación coa Fegampo, iniciou un plan contra a velutina, baseado na concentración de recursos para eliminar os niños desta especie na comunidade, en todas as zonas afectadas, ao que se uniron voluntariamente 285 municipios, o que representa o 90 % dos municipios galegos.

No mes de febreiro, o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anuncia o inicio do plan e manifesta que está dotado con 2,3 millóns de euros, a través de fondos propios da Administración autonómica e do Fondo de cooperación local.

A empresa semipública Seaga é a encargada de xestionar este Plan que formula dende o seu inicio máis sombras que luces.

O funcionamento do plan, segundo o que manifestan dende a Xunta de Galicia, lévase a cabo da seguinte forma: cando unha persoa detecta un niño de velutina ten que dar aviso ao 012, o teléfono de información e atención ao cidadán que son os que aplican o protocolo, que establece que salvo en caso de emerxencia (derivan ao



112 e este a súa vez a bombeiros ou apicultores voluntarios) se deriva a Seaga para que proceda a súa retirada.

O problema son as limitacións, por ser consideradas emerxencias, que establece o protocolo na intervención de Seaga, xa que segundo consta no mesmo, non se van retirar niños a máis de 25 metros de altura, como tampouco en propiedade privada sen autorización; en sitios confinados sen visualización directa como cheminea, falsos teitos ou tellados; o en espazos pechados (cámaras de illamento o caixas de persianas), así coma aqueles con risco eléctrico (liñas eléctricas) ou situados en dominio de infraestruturas (estradas, autovías, autopistas, liñas ferroviarias, portos e aeroportos). Dentro da relación de actuacións que non proceden tamén está a retirada de niños con imposibilidade física de acceso (peche de parcela, maleza) ou con risco de dano medioambiental (ríos, embalses e outras masas de auga), ademais de aqueles que están en instalacións de uso público (parques, igrexas, hospitais, colexios e outros edificios públicos). O plan tampouco non inclúe a cesión de trampeos aos prexudicados.

Polo tanto, na maioría das veces, son os bombeiros e os apicultores voluntarios os que se encargan da retirada dos niños de velutina, asumindo o coste os concellos, carecendo este protocolo de efectividade práctica algunha.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Porque a Xunta de Galicia, a través de Seaga, non asume na súa totalidade a retirada de niños de velutina, nos concellos adheridos ao protocolo?
2. Ten previsto o Goberno galego algunha modificación do protocolo de forma coordinada coa Asociación de Apicultores de Galicia.
3. Dada a situación actual, ten previsto a Xunta de Galicia considerar como unha praga, esta invasión de vespa velutina?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Martín Seco García  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 10:17:13**

**Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 10:17:31**

**Martín Seco García na data 27/08/2020 10:17:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar 20-21 preséntase como un momento de máxima esixencia e responsabilidade para a sociedade galega. Unha situación que require de medidas e protocolos claros e consensuados coa comunidade educativa para garantir unha volta ás aulas presencial e segura.

Mais a pesar da gravidade da situación, o goberno galego, que tivo 5 meses para preparar o inicio do curso, ausentouse de todas as súas responsabilidades perdendo un tempo valiosísimo para xestionar con eficacia e previsión un inicio de curso no que estea garantida a seguridade do noso alumando.

Dende o BNG entendemos que a situación de cara ao inicio de curso é urxentísima e require da adopción de medidas inmediatas. Non é de recibo que ante unha pandemia como a da COVID-19 teña que ser a propia comunidade educativa a que estea a denunciar a falta de consenso nas medidas e o abandono por parte da Xunta de Galiza.

Do mesmo xeito, é fundamental que ante un posíbel escenario de volta ao ensino dende a casa se implementen todas as medidas destinadas a garantir que o alumnado e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

as familias galegas poidan acceder á educación a distancia sen que isto implique que se prive ao noso alumnado do seu dereito a unha educación equitativa e de calidade.

A ausencia de iniciativas por parte do goberno galego para afrontar unha realidade como a que se deriva da pandemia da Covid-19 e o seu impacto no ensino, sitúanos nunha situación de incerteza e improvisación que non é asumíbel e por iso, dende BNG esiximos que o goberno exerza as súas competencias e estea altura da gravidade da situación que estamos a padecer.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Pensa a Xunta de Galiza que está garantida unha volta ás aulas presencial e segura?
- Que medidas se tomaron dende a Xunta de Galiza para garantir a seguridade nas aulas?
- Considera a Xunta de Galiza que as ratios e distancias de seguridade nas aulas garanten a saúde dos nosos estudantes e profesores?
- Por que en cinco meses a Xunta de Galiza non exerceu as súas competencias para reducir ratios, contratar persoal suficiente, habilitar espazos educativos seguros, garantir as normas hixiénicas e sanitarias nos centros?
- Por que a Xunta de Galiza non se reuniu cos axentes da comunidade educativa para afrontar as consecuencias e as medidas a tomar no ensino ante esta situación de pandemia?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Que vai acontecer se se produce un gromo nun centro educativo? Cando se pecha? Como se vai xestionar o dereito á saúde e ao ensino desa comunidade educativa?

- Como ten pensado a Xunta de Galiza garantir a seguridade nos espazos comúns, nos comedores escolares ou nas actividades extraescolares?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020

Asdo.: **Manuel Antonio Lourenzo Sobral**  
Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/08/2020 11:26:29**



## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera, Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, ten publicado mediante Resolución 15 de xuño do 2020 (DOG 19 de xuño do 2020), o Protocolo Fisicovid- Dxtgalego, polo que se establecen diversas medidas de índole hixiénico – sanitarias para facer fronte a crise provocada pola COVID-19 , no ámbito do deporte federado de Galicia, protocolo que pretende fixar uns principios básicos e orientadores dos protocolos que deben aprobarse respectivamente polo conxunto das federacións deportivas en Galicia.

En calquera caso, o devandito protocolo, non prevé a regulación de ningún tipo medidas de cara o inicio da competición federada no que atinxe o deporte de contacto, é especificamente no relativo os deportes que se desenvolven a través de equipos federados.

De acordo co Plan Estatístico Nacional de maio de 2020 elaborado polo Consejo Superior de Deportes (CSD), no ano 2019 existían en Galicia 282.369 licencias deportivas e 5.767 clubs deportivos. Só no ámbito do fútbol existen en Galicia 2.332 clubs, o cal dá a importancia e dimensión que o deporte ten na realidade social galega.

A Lei 3/2012 de 2 de abril, do deporte de Galicia , prevé no seu articulado, dentro do ámbito das súas competencias , que lle corresponde a Administración autonómica a “planificación e organización do sistema deportivo de Galicia“, lei que vén a desenvolver as competencias que no ámbito do deporte ten asumidas Galicia dentro do seu Estatuto de Autonomía.

A pesares das competencias autonómicas, da existencia de lexislación específica no eido do deporte e tamén no eido das emerxencias (Lei 5/2007, do 7 de maio de Emerxencias de Galicia), a Xunta de Galicia, ten amosado ate o momento a incapacidade para articular os protocolos necesarios para garantir o desenvolvemento da práctica deportiva non profesional en Galicia de cara a tempada 2020-2021, incapacidade que impide as federacións e especialmente os clubs deportivos coñecer as datas de inicio de competición e, en consecuencia, planificar axeitadamente a pre-



tempada e a tempada deportiva, coas consecuencias que no eido económico e social conleva a falla de concreción efectiva das datas de inicio das competicións.

Pola contra, a Xunta de Galicia, nomeadamente a actual Secretaría Xeral para o Deporte, despois de 6 meses dende o inicio da pandemia, lonxe de asumir as responsabilidades que lle corresponden no ámbito autonómico, tense instalado nunha estratexia de confrontación co Consejo Superior de Deportes, buscando no Goberno do Estado un chivo expiatorio da súa propia inoperancia e incapacidade política e administrativa.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

Considera a Xunta de Galicia que as competencias asumidas conforme o Estatuto de Autonomía de Galicia e as leis que o desenvolven, permiten ao goberno, de acordo coas federacións respectivas, planificar, ordenar, garantir e supervisar o adecuado inicio das competicións federadas non profesionais no noso país?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera  
Julio Torrado Quintela  
Pablo Arangüena Fernández  
Paloma Castro Rey  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/08/2020 12:19:49**

**Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 12:19:58**

**Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 12:20:12**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es







**Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 12:20:25**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nas recentes semanas os rebrotes de contaxios, e as súas consecuencias en falecementos, son un grave problema na maneira en que Galicia está encarando a situación. O aumento exponencial de casos, sumado á aparente inactividade do Goberno autonómico que amosa estar sobrepasado pola situación, deixando en evidencia calquera estratexia que sexa que se está intentando levar a cabo.

Unha das figuras máis relevantes na loita contra os rebrotes neste escenario, unha vez superado o impacto inicial da COVID, no que o obxectivo principal era confrontar as consecuencias directas, son os rastrexadores. A prevención ante o posible espallamento do virus por parte de contaxiados e os seus contactos é unha ferramenta chave para evitar entrar de novo en situacións límite.

A pesares de todo o anterior, a Xunta de Galicia non é quen de dar un dato fiable e argumentado sobre o número de rastrexadores existentes en Galicia. Distintas novas apuntaron inicialmente ao exíguo número de 20, mais o propio presidente da Xunta de Galicia falou de máis de 6.000 nunha das escasísimas comparecencias de prensa dende mediados de xullo. Este dato non puido ser explicado en detalle por ningún membro de ningún nivel da Xunta de Galicia, apelando a que a se pode interpretar que todos os médicos de atención primaria do sistema poden ser interpretados como rastrexadores. A maiores desta peregrina argumentación, en recentes datas o Goberno autonómico esfórzase en amosar o traballo dalgúns outros profesionais (como os de enfermería) en labores relacionadas co rastrexo, pero sen aclarar se esas funcións son parte da súa tarefa recoñecida ou cargas a maiores da labor que xa deben facer. Tampouco se ten aclarado se existiu contratación expresa para esta función, cales foron os criterios ou, incluso, que condicións laborais existen para este persoal.

Tamén nestas recentes datas, algúns medios de comunicación fixéronse eco de noticias sobre a posible contratación de rastrexadores por parte da Xunta de Galicia a través de empresas privadas, sen que existan explicacións convincentes e certas por parte do Goberno autonómico.



Esta cerimonia da confusión non contribúe a xerar confianza nun sistema sanitario no que os profesionais están a facer unha enorme labor, pero que podería estar optimizada se a dirección do sistema funcionara de maneira transparente, clara e con criterios de eficacia.

Por todo o expostos anteriormente, o deputado e a deputada que asinan interpela ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é a cifra exacta de rastrexadores que existen hoxe en día en Galicia?
2. Como se distribúen por áreas sanitarias os diferentes rastrexadores de que dispón o Goberno galego?
3. Cantas destas persoas están a desenvolver esta función de maneira exclusiva sen alternala con outros labores?
4. Canto persoal foi contratado para facer labores de rastrexo a maiores do persoal sanitario xa existente na Consellería de Sanidade?
5. Existiu algún tipo de labor formativa do persoal dedicado aos labores de rastrexo? De que tipo?
6. Cales foron os criterios e o sistema de contratación utilizado para o persoal incorporado á Consellería de Sanidade en labores de rastrexo dende o mes de marzo?
7. Que condicións laborais teñen os profesionais dedicados a labores de rastrexo en Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 12:44:25**

**Marina Ortega Otero na data 27/08/2020 12:44:33**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O mércores 19 de agosto o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde aprobou un acordo para que as comunidades autónomas puidesen incorporarse ao sistema tecnolóxico de rastrexo a través da APP desenvolvida polo Ministerio de Sanidade, Radar Covid. Foi notificado que algunhas comunidades autónomas realizaron axilmente o traballo e xa estaban operativas, mentres que outras estarían por facelo en breve tempo. Algunhas demorarían máis, tomando como referencia finais do mes de setembro pero sen poder aclarar máis, para non introducir elementos de tensión da coordinación do Ministerio coas comunidades autónomas.

Galicia non explicou, nin antes nin despois, a súa posición respecto da incorporación a esta ferramenta tecnolóxica. Algunhas informacións de medios de comunicación apuntaron recentemente a que a Xunta de Galicia non estaba desenvolvendo o traballo necesario para coordinarse coas demais comunidades autónomas e incorporarse a esta rede estatal.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Está Galicia incorporada de maneira plena ao sistema tecnolóxico de rastrexo a través da APP Radar Covid como xa foi coñecido que están outras comunidades autónomas de España?
2. Cal é a situación en que se atopa o traballo para que galegos e galegas poidan utilizar de maneira efectiva a APP Radar Covid en plenitude de funcións e utilidades?



3. Como valora o Goberno de Galicia a iniciativa do Goberno de España de poñer en funcionamento a APP Radar Covid e coordinala con todas as comunidades autónomas para que poida ser unha ferramenta útil de rastrexo tecnolóxico contra a COVID?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 13:05:48**

**Marina Ortega Otero na data 27/08/2020 13:05:57**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os gobernos autonómicos e estatal en España, así como os de outros países, están a desenvolver unha intensa tarefa ante a propagación da COVID, os rebrotes e o equilibrio difícil coa necesaria actividade social e económica precisa. Entre estas medidas, recentemente o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde acordou medidas para a limitación horaria do ocio, tratando de evitar o espallamento do virus, ao limitar espazos e situacións de acumulación de persoas.

Como toda medida, a aplicación en cada Comunidade Autónoma necesita da precisión e concreción que cada goberno autonómico de a partir das directrices e indicacións xerais para o estado. Así, é preciso regular segundo tipo de licencias, actividades, etc.

A pesares da situación, existen aínda espazos de ocio con salvedades difícilmente comprensibles. Os centros de xogo, cuxa tendencia debería ser a verse limitados (xa non soamente pola afectación pola pandemia senón pola súa propia afectación sobre a saúde dos usuarios), seguen sendo lugares que salvan a normativa. En Galicia seguen a abrir bingos, casinos e salas de apostas con maior flexibilidade do que o poden facer outro tipo de local de ocio, o que ademais de ser unha evidente competencia desleal provoca un dobre problema a maiores: por un lado acumula as aglomeracións en espazos máis reducidos, pois os clientes se concentran en locais que si dan servizos homologables a bar ou cafetería, en horarios e actividades que outros non poden; por outro lado, este transvase de clientela provoca maior proximidade e facilita condutas de xogo, o que aumenta o problema e exposición ao inicio de condutas aditivas.

A pesares deste problema provocado en Galicia non se coñecen medidas que a Xunta de Galicia, responsable última das licencias para casas de apostas e xogo presenciais, estea a tomar para resolver este problema. A Lei do xogo autonómica foi prometida polo Goberno da Xunta de Galicia na lexislatura pasada pero nunca chegou á tramitación parlamentaria e isto favoreceu a lasitude con que este tipo de negocios salvan a lexislación.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Por que o Goberno galego non regula para limitar a actividade de casas de apostas e xogo presenciais na actualidade?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 27/08/2020 13:27:57**

**Marina Ortega Otero na data 27/08/2020 13:28:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Pérez López, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia por COVID-19 comezou a se estender en Galiza no primeiro trimestre deste ano e, malia semellar prudencialmente controlada, confirmamos a súa presenza entre nós con importantes riscos para a saúde pública e colectiva nun preocupante incremento de gromos a medida que foi avanzando o verán.

A moi poucos días de se producir o retorno aos centros educativos, o número de contaxios no noso país non deixa de medrar, recoñecendo o goberno galego nas últimas semanas a transmisión comunitaria do coronavirus e, polo tanto, a ausencia de control da pandemia.

As recomendacións sanitarias de organismos como a OMS determinan que, para minimizar os contaxios e a expansión descontrolada desta pandemia, é imprescindible gardar a distancia social e evitar encontros presenciais numerosos en recintos pechados durante un tempo prolongado.

No ámbito educativo, en Galiza as escolas unitarias ubicadas no medio rural ofrecen unha vantaxosa alternativa educativa de proximidade e atención educativa de alta calidade. Nesta altura, esta vese reforzada aínda por constituíren unha contorna







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

sanitaria protectora para as nosas crianzas na etapa infantil, extensiva, nalgúns casos, aos dous primeiros cursos da educación primaria.

No entanto, o goberno galego, entre preocupantes gromos da pandemia por corononavirus, con sempre imprevisíbeis consecuencias nas semanas e meses vindeiros, que obrigarían a asegurar un maior investimento que blinde a atención sanitaria e educativa, no DOG do 12 de agosto de 2020 confirma o peche da escola infantil de Cumiáns (A Laracha), alegando a necesidade de **“adaptar a organización dos centros docentes ás necesidades efectivas da poboación escolar”**.

As cinco crianzas matriculadas neste centro, no canto das seis que a Consellería determina como os mínimos para o seu mantemento, son derivadas ao CEIP Otero Pedrayo (A Laracha), un colexio masificado e con importantes deficiencias no seu mantemento, o que contravén as normas básicas de prevención dos contaxios por coronavirus e a súa expansión social.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que medidas pensa tomar o goberno galego para atender con garantías sanitarias o alumnado matriculado na escola infantil de Cumiáns e obrigado a se desprazar ao masificado CEIP Otero Pedrayo da Laracha, nun momento sanitario tan delicado que pon en perigo a saúde, e mesmo a vida, da comunidade educativa e nun tempo en que é de urxencia pór en valor a vida no medio rural galego e fixar poboación nel ofertando servizos básicos como é a educación para a infancia?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Daniel Pérez López**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 27/08/2020 13:26:41**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/08/2020 13:26:44**

**Daniel Castro García na data 27/08/2020 13:26:52**

**Daniel Pérez López na data 27/08/2020 13:27:01**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O inicio do curso 2020/2021 vén precedido por un nivel de incerteza sen precedentes como consecuencia da pandemia provocada pola Covid-19. Tería sido necesario, mesmo imprescindible, prever diferentes escenarios aos que se adaptar dependendo das circunstancias sanitarias que se poidan dar. A proba de que esa previsión é pertinente é que varias comunidades autónomas a fixeron ao longo dos meses de xullo e agosto, previos ao inicio de curso.

Non obstante, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional optou por unha actitude de inacción dando, ao longo destes meses, moi escasas mostras de actividade proactiva e tentando trasladar á opinión pública informacións incorrectas e coa clara intención de situarse nunha posición similar a outras comunidades autónomas en canto ao incremento de cadros docentes; no caso de reducións de rateos de alumnos ese intento non existiu xa que a Administración educativa galega renunciou a explorar tan sequera esa posibilidade como proban as declaracións da Sra. conselleira ao afirmar que non se podería chegar a rateos de 15 alumnos por falta de espazos.

No caso do incremento de profesorado a Sra. conselleira anunciou o día 21 de agosto a incorporación de 1.000 novos docentes ao sistema educativo galego na propia *web* da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Nesta noticia a Administración está a mesturar 240 mestres, 543 docentes (entre mestres e profesorado de secundaria) do programa ARCO e a estimación de, aproximadamente 217 profesores dos corpos de secundaria.

O anterior demostra claramente a intención de ocultar o escaso incremento real de profesorado, que sería de 457 docentes, xa que a Resolución do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a posta en marcha de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación dirixidas a centros públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, durante o curso 2020/21 establece que o profesorado ten media xornada, ademais de desenvolver as actividades específicas previstas na convocatoria.

Resulta, polo tanto, necesario coñecer o incremento real de docentes e unidades con respecto ao curso pasado, por iso o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:



1ª) Que valoración fai o Goberno galego do incremento de unidades e profesores con respecto ao curso 2019/2020?

2ª) Mantivo o Goberno galego algún contacto coas administracións locais da comunidade autónoma de Galicia para valorar a dispoñibilidade de espazos adicionais para reducir, nos casos nos que fose posible, a rateo de alumnos por aula?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/08/2020 14:01:01**

**Noa Susana Díaz Varela na data 27/08/2020 14:01:16**



## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A vixente crise sanitaria provocada pola COVID-19, anexou de xeito indefectible unha crise económica de efectos e consecuencias sen precedentes no período de entre-guerras. Na actual crise, a acción pública, masiva e precisa se torna absolutamente fundamental, sen que hoxe sexa discutible, nin tan sequera polos conservadores máis recalcitrantes, o papel decisivo que deben abandeirar os poderes públicos coa inxección inxente de fondos e recursos na economía real.

Nunha situación coma a que estamos a vivir, sen intervención pública os mercados no poderían reaccionar, nin os mercados reais, nin os mercados financeiros.

A crise económica xerada pola COVID-19 é brutal, tanto de oferta, coa caída da produción, como especialmente de demanda, cunha diminución da renda dispoñible a curto e medio prazo moi severa a consecuencia do peche de negocios, caída de vendas, perda de empregos, ERTES e demais.

Asemade, a crise tamén afecta os circuítos financeiros, esenciais para manter a liquidez das empresas e negocios.

É verdade que diante dunha crise sanitaria (incerta no tempo) a solucións a crise económica son igualmente complexas. Ninguén ten un manual para actuar diante deste tipo de situacións sen precedentes.

Con todo, debemos salientar o papel xogado pola UE, como unha unidade de solidariedade e apoio mutuo, activando recursos e instrumentos xa existentes, ou creando outros ex novo como o SURE ou CRII, flexibilizando o Pacto de estabilidade e crecemento, ou mesmamente mudando o orzamento europeo para facer fronte a crise.

A crise xerou determinadas certezas, tamén en Galicia: caída da actividade económica e do emprego (caída do PIB en Galicia entre 8,5 % e 12,7 % , segundo o Foro Económico de Galicia, que pode chegar o 18,9 % en caso dun segundo confinamento), e a afectación intensa en Galicia de sectores coma o turismo,



comercio, hostalería, ocio e a industria ligada ao sector cultural especialmente, cunha menor intensidade na industria, e mantendo o sector agro-alimentario un nivel mínimo de efectación.

Diante desta situación, para o conxunto do estado, o Goberno presidido por Pedro Sánchez comprometeu a mobilización de 200 mil millóns de euros (20 % do PIB), dos que o 58,5 % serán achegados directamente polo sector público. Un compromiso de investimento público, nunca coñecido.

Neste contexto, Galicia participará no reparto dun fondo de 2.800 millóns dedicados a fortalecer a sanidade, un fondo de 600 millóns para financiar as prestacións sociais nas comunidades autónomas, e nun fondo extraordinario de 16 mil millóns dedicado a paliar as consecuencias da crise e dos custes adicionais da pandemia. Dentro deste último fondo, Galicia participará no reparto dun tramo de 2000 millóns dedicados a fortalecer e mellorar o sistema educativo, a pesar de que o Sr. presidente da Xunta de Galicia teña manifestado o seu rexeitamento a que eses fondos sexan investidos en educación.

A maiores, os fondos que proveñen do Estado – 300 millóns mensuais - permitiron sufragar prestacións en Galicia, que afectaron a máis de 272.000 galegos e galegas a través dos ERTES, e máis de 68.000 autónomos/as que viron reducida a súa actividade ou mesmamente tiveron que pechar o seu negocio. E dicir, practicamente o 25 % dos asalariados e das asalariadas e unha proporción similar das persoas autónomas obtiveron unha prestación extraordinaria do Estado. Si a estas prestacións extraordinarias, lle engadimos as prestacións ordinarias (pensións, subsidios desemprego, salarios de persoas funcionarias, pensións), máis da metade da poboación adulta en Galicia estaba (e en parte está) percibindo ingresos dependentes dos orzamentos públicos, o que indica a magnitude do esforzo realizado, pero tamén a imposibilidade de mantelo a longo prazo.

En canto ás empresas, máis de 7.393 empresas galegas foron avaladas polos programas dependentes do ICO, por importe global de 1.795 millóns de euros (3 % PIB Galicia).

A contundente e rápida reacción do Estado e o calado das medidas adoptadas, non se compadece coa actuación do Goberno da Xunta de Galicia que ten reaccionado, no marco da súa competencia e capacidade orzamentaria, de xeito escaso.



Non cuestionamos as medidas adoptadas polo Goberno galego, cuestionamos a pouca amplitude das mesmas, a escasa priorización e a pouca creatividade na resposta aos problemas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que o Goberno galego dispón de ferramentas para darlle amplitude de resposta a crise a través do Igape, que debera xogar un papel máis intenso no impulso o emprendemento e na cobertura e na financiación dos créditos e avais para dotar de liquidez ás empresas e persoas autónomas.

A aposta pola dixitalización da Administración pública e tamén dos axentes privados, e o fomento do teletraballo debera ser igualmente unha prioridade.

A maiores, entendemos que o propio orzamento da Xunta de Galicia ten marxe suficiente para reorientar partidas e programas non executados polo retraso na súa convocatoria ou mesmamente que resultan inviables como consecuencia da pandemia.

A axilización dos Fondos Europeos debera ser unha ferramenta indispensable, anticipando incluso recursos propios da Xunta de Galicia. A utilización do fondo de continxencia, a participación no Fondo Extraordinario de 16 mil millóns, dos cales nun primeiro tramo lle corresponden 268 millóns ..., son instrumentos que ben xestionados amosarían unha eficacia importante.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que hai marxe suficiente para facer unha maior mobilización dos seus recursos de cara afrontar a crise económica derivada da COVID -19 ?
2. Considera o Goberno galego o establecemento de axudas directas a persoas autónomas, tal como ocorre noutras comunidades autónomas?
3. Considera o Goberno galego a necesidade de reforzar orzamentariamente a Risga e as axudas sociais de emerxencia, diante do agravamento da crise?





4. Considera o Goberno galego efectuar transferencias extraordinarias aos concellos do país para actuacións sociais prioritarias?

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/08/2020 14:18:32**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/08/2020 14:18:43**





# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGGZ3fh6Z1w7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

